

PLAN GALEGO
CONTRA A TRATA DE
SERES HUMANOS CON
FINS DE
EXPLOTACIÓN
SEXUAL 2022-2024



XUNTA
DE GALICIA

Índice

PRESENTACIÓN	3
1. INTRODUCCIÓN	4
2. MARCO CONCEPTUAL DE REFERENCIA.....	6
3. CONTEXTO NORMATIVO E PROGRAMÁTICO	11
4. APROXIMACIÓN Á SITUACIÓN DA TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL	28
5. PRINCIPIOS ORIENTADORES	40
6. ESTRUCTURA DO PLAN	43
7. PROGRAMA DE MEDIDAS	49
7.1 ÁREA ESTRATÉXICA 1. PREVENCIÓN, EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.....	49
7.2 ÁREA ESTRATÉXICA 2. REFORZO DOS PROCESOS DE DETECCIÓN, IDENTIFICACIÓN E PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS.....	53
7.3 ÁREA ESTRATÉXICA 3. FORTALECIMENTO DOS RECURSOS DE ATENCIÓN INTEGRAL	58
7.4 ÁREA ESTRATÉXICA 4. INVESTIGACIÓN E MELLORA DO COÑECEMENTO PARA A INTERVENCIÓN.....	63
7.5 ÁREA ESTRATÉXICA 5. MELLORA DA COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL	66
8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	69
8.1 METODOLOXÍA.....	69
8.2 INDICADORES PARA O SEGUIMIENTO	70
9. ANEXO 1: PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN.....	77
10. ANEXO 2: ORZAMENTO	79
11. ANEXO 3: RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	80

PRESENTACIÓN

A Xunta de Galicia veu demostrando ao longo das últimas décadas un nido compromiso na loita contra todas as expresións que adopta a violencia contra as mulleres, entre as que se atopa a trata con fins de explotación sexual. Desde hai anos ese compromiso materialízase no desenvolvemento de medidas de distinta índole dirixidas ás vítimas e sobreviventes deste tipo de explotación, dentro do marco competencial autonómico.

Coa aprobación do Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 queremos seguir avanzando de forma decidida a través de políticas activas neste ámbito. Unha sociedade verdadeiramente democrática e xusta non pode tolerar a persistencia da violencia sexual e das situacións de explotación que afondan as súas raíces nas desigualdades de toda índole. Por iso, debemos traballar para un cambio cultural en prol da plena igualdade entre mulleres e homes, que desbote todos os estereotipos de xénero imperantes, que están detrás das actitudes tolerantes ante estas expresións da violencia e que teñen como destinatarias principalmente a mulleres e nenas.

Por iso, o compromiso do Executivo galego refórzase agora coa posta en marcha deste primeiro plan, un instrumento de planificación no que enmarcar todas as accións que contribúan á sensibilización en torno á trata con fins de explotación sexual, o consumo de prostitución e outras formas de explotación sexual; que favorezan a mellora dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas, e a consolidación dos recursos de atención integral ás mulleres, nenas e nenos vítimas desta forma de explotación.

Desde o convencemento de que é posible avanzar no cambio social e construír entre todas e todos unha sociedade na que a trata, a prostitución e todas as formas de explotación sexual sexan percibidas e consideradas como violencia, compráceme presentar este primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que representa un paso máis desta administración, en colaboración con outros axentes implicados, para contribuír a desterrar estas inxustizas da nosa sociedade.

María Jesús Lorenzana Somoza

Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

1. INTRODUCCIÓN

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, impulsa a elaboración do primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.

A trata de seres humanos con fins de explotación sexual conflúe e resulta indisoluble doutras realidades, como son a explotación sexual e a prostitución. A trata sexual, como organización necesaria para a realización de todo tipo de actividades relacionadas coa explotación sexual e a prostitución representa, segundo as Nacións Unidas, a actividade criminal que está a experimentar maior incremento no mundo.

A trata, a explotación sexual e a prostitución son o produto dunha sociedade heteropatriarcal, na que as mulleres e as nenas son as vítimas principais, ao situalas nunha posición de inferioridade e consideralas como obxecto de intercambio comercial. Como expresión da violencia estrutural contra as mulleres, non pode dissociarse da precariedade, a pobreza e a desigualdade, escenarios que facilitan este tipo de abusos ante a falta de oportunidades económicas, educativas e de acceso aos distintos recursos.

Polo tanto, un dos grandes desafíos das sociedades democráticas avanzadas non pode ser outro que combater, desde todas as fronteiras, estas execrables expresións da violencia sexual.

O plan que a continuación se presenta constitúe a folla de ruta da Administración autonómica galega para contribuír a un cambio cultural na nosa sociedade enfocado á repulsa da trata sexual e a prostitución; a reforzar os mecanismos para a súa prevención, así como para articular unha mellor intervención coordinada dos distintos axentes. Pretende, ademais, asentar un sistema de atención integral, para garantir ás persoas superviventes unha vida digna e libre de violencia, cunha adecuada resposta ás súas necesidades individuais.

Este documento presenta a seguinte estrutura en capítulos:

- Despois da introdución recollida no capítulo 1, o capítulo 2 dedícase á delimitación conceptual da trata de seres humanos con fins de explotación sexual, coa finalidade de determinar o alcance do presente plan.

- No capítulo 3 ofrécese unha contextualización normativa e de instrumentos programáticos en torno ao fenómeno da trata de seres humanos, nomeadamente con fins de explotación sexual, desde os distintos ámbitos: internacional, europeo, estatal e galego.
- O capítulo 4 dedícase a unha breve aproximación diagnóstica sobre a trata de persoas con fins de explotación sexual e outros delitos relacionados.
- No capítulo 5 recóllense os principios orientadores, tanto do deseño como da execución do plan.
- No capítulo descríbese a súa estrutura básica.
- O capítulo 7 corresponde á parte central do plan, o seu programa de medidas, estruturado en cinco áreas estratéxicas.
- O capítulo 8 destínase á descrición do proceso de seguimento e avaliación da execución do plan, a metodoloxía de traballo e os indicadores que poden orientar a súa monitorización.
- Pechan o documento tres anexos, cos seguintes contidos: a descrición do proceso de elaboración do plan, a previsión orzamentaria e os recursos bibliográficos manexados.

2. MARCO CONCEPTUAL DE REFERENCIA

Diversos instrumentos internacionais recollen a definición de trata de seres humanos, un concepto amplo, posto que garda relación cos distintos fins da explotación sobre as vítimas. A definición máis aceptada é a que recolle o Protocolo de Nacións Unidas para Previr, Suprimir e Castigar a Trata de Persoas, especialmente de mulleres e nenas e nenos, coñecido como *Protocolo de Palermo*, ratificado polo Estado español en 2003:

Para os fins do presente Protocolo:

- a) Por "trata de persoas" entenderase a captación, o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción de persoas, recorrendo á ameaza ou ao uso da forza ou outras formas de coacción, ao rapto, á fraude, ao engano, ao abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou á concesión ou recepción de pagos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra, con fins de explotación. Esa explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou outras formas de explotación sexual, os traballos ou servizos forzados, a escravitude ou as prácticas análogas á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos.
- b) O consentimento dado pola vítima de trata de persoas a toda forma de explotación que se teña a intención de realizar descrita no apartado a) do presente artigo non se terá en conta cando se recorra a calquera dos medios enunciados no devandito apartado.
- c) A captación, o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción dun neno con fins de explotación considerarase "trata de persoas" mesmo cando non se recorra a ningún dos medios enunciados no apartado a) do presente artigo.
- d) Por "neno" entenderase toda persoa menor de 18 anos.
-

Artigo 3 do Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional, feito en Nova York o 15 de novembro de 2000. (Instrumento de ratificación do Protocolo publicado en BOE núm. 296, de 11 de decembro de 2003).

¹ Cómpre advertir que as referencias literais extraídas de textos legais, así como o nome dos distintos instrumentos, mantéñense tal e como se recollen na tradución ao español e nos correspondentes instrumentos xurídicos ratificados por España, polo que non están adaptados á linguaxe de xénero.

Consonte ao disposto no artigo 177 bis do Código penal, considérase trata de seres humanos:

Artigo 177 bis.

Será castigado coa pena de cinco a oito anos de prisión como reo de trata de seres humanos o que, sexa en territorio español, sexa desde España, en tránsito ou con destino a ela, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou de vulnerabilidade da vítima nacional ou estranxeira, ou mediante a entrega ou recepción de pagos ou beneficios para lograr o consentimento da persoa que posúe o control sobre a vítima, captala, transportar, trasladar, acoller, ou recibir, incluído o intercambio ou transferencia de control sobre esas persoas, con calquera das finalidades seguintes:

- a) A imposición de traballo ou de servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude, á servidume ou á mendicidade.*
- b) A explotación sexual, incluíndo a pornografía.*
- c) A explotación para realizar actividades delituosas.*
- d) A extracción dos seus órganos corporais.*
- e) A celebración de matrimonios forzados.*

Existe unha situación de necesidade ou vulnerabilidade cando a persoa en cuestión non ten outra alternativa, real ou aceptable, que someterse ao abuso. Cando a vítima de trata de seres humanos fose unha persoa menor de idade imponse, en todo caso, a pena de inhabilitación especial para calquera profesión, oficio ou actividades, sexan ou non retribuídos, que implique contacto regular e directo con persoas menores de idade, por un tempo superior entre seis e vinte anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta.

2. Aínda cando non se recorra a ningún dos medios enunciados no apartado anterior, considerarase trata de seres humanos calquera das accións indicadas no apartado anterior cando se levaren a cabo respecto de menores de idade con fins de explotación.

3. O consentimento dunha vítima de trata de seres humanos será irrelevante cando se recorre a algún dos medios indicados no apartado primeiro deste artigo.

4. Imponse a pena superior en grao á prevista no apartado primeiro deste artigo cando: a) púxose en perigo a vida ou a integridade física ou psíquica das persoas obxecto do delito; b) a vítima sexa especialmente vulnerable por razón de enfermidade, estado xestacional, discapacidade ou situación persoal, ou sexa menor de idade.

(...)11. Sen prexuízo da aplicación das regras xerais deste Código, a vítima de trata de seres humanos quedará exenta de pena polas infraccións penais que cometese na situación de

explotación sufrida, sempre que a súa participación nelas fose consecuencia directa da situación de violencia, intimidación, engano ou abuso a que fose sometida e que exista unha adecuada proporcionalidade entre a devandita situación e o feito criminal realizado.

Artigo 177 bis do Código Penal.

É importante ter en conta varios aspectos comprendidos tanto na definición de trata contida no Protocolo de Palermo como na tipificación do delito no Código penal español. Hai tres elementos clave a considerar, os cales son determinantes á hora de diferenciar o delito de trata do delito de tráfico de persoas -tipificado no artigo 318 bis do CP-:

Consentimento

No caso de tráfico ilícito, que adoita realizarse en condicións perigosas ou degradantes, as persoas migrantes consenten ese tráfico. As vítimas de trata, pola contra, nunca consentiron ou, se o fixeron inicialmente, ese consentimento perdeu todo o seu valor pola coacción, o engano ou o abuso dos traficantes.

Explotación

O tráfico ilícito remata coa chegada das persoas ao seu destino, en tanto que a trata implica a explotación persistente das vítimas. Desde un punto de vista práctico, as vítimas de trata tamén adoitan resultar máis gravemente afectadas e ter máis necesidade de protección fronte a unha nova vitimización e outras formas de abuso que as persoas migrantes clandestinas.

Transnacionalidade

O tráfico ilícito é sempre transnacional, mentres que a trata pode non selo. Esta pode ter lugar independentemente de se as vítimas son trasladadas a outro estado ou só desprazadas dun lugar a outro dentro do mesmo estado.

Manual para la lucha contra la trata de personas. Programa Mundial contra la Trata de Personas. Oficina de las Naciones Unidas contra la Droga y el Delito. Viena, 2007.

Así, na trata, a utilización do engano, e mesmo da forza e a violencia, están presentes para captar a persoa, trasladala e aloxala, aproveitándose da súa situación de vulnerabilidade e obter un beneficio económico da súa actividade.

A estes tres aspectos fundamentais para a diferenciación da trata e o tráfico ilícito de persoas, hai que engadir que o delito de trata é de carácter persoalísimo, xa que atenta contra os dereitos humanos. No caso do tráfico ilegal de inmigrantes, o ben xurídico protexido son os intereses do Estado (a protección das súas fronteiras). Non obstante, ambos os dous delitos están en moitas ocasións conectados, posto que

moitas vítimas de trata son identificadas como persoas estranxeiras en situación irregular.

Cómpre subliñar, doutra banda, que ningunha das manifestacións da trata de persoas é neutra desde o punto de vista do xénero. Como se verá máis en profundidade no capítulo de aproximación diagnóstica, a trata de seres humanos afecta de forma moi superior a mulleres e nenas, que son, ademais, vítimas das formas máis graves, as relacionadas coa explotación sexual.

Esta grave forma de violencia ten orixe nunha organización social que perpetúa as desigualdades de xénero, na que a pobreza ten faciana feminina e na que o acceso a todo tipo de recursos é máis limitado para as mulleres e as nenas, co que iso implica en relación co desexo de emigrar e buscar unha vida mellor. Isto sitúa as mulleres nunha posición de gran vulnerabilidade e exposición á captación para a trata.

Pero ademais, é necesario aplicar a perspectiva da interseccionalidade, en tanto que a trata de persoas non pode abordarse sen ter en conta todos os factores de discriminación múltiple que a sosteñen. Factores como a raza, a orixe étnica, o estatus, a clase social, ou a migración, entre outros, e a súa relación coa pobreza e a desigualdade, afectan á falta de oportunidades laborais, educativas e de acceso á saúde.

O presente plan parte da consideración da trata de mulleres e nenas con fins de explotacións sexual non só como unha das máis graves formas de vulneración dos dereitos humanos, senón tamén como unha das máis execrables formas de violencia contra as mulleres.

Seguindo os artigos 1 e 2 da Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller aprobada por Resolución da Asemblea Xeral das Nacións Unidas 48/104, do 20 de decembro de 1993, constitúe "violencia contra a muller" todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada.

Sinala, ademais, que se entenderá que a violencia contra a muller abarca os seguintes actos, sen carácter exhaustivo:

- a) A violencia física, sexual e psicolóxica que se produza na familia, incluídos os malos tratos, o abuso sexual das nenas no fogar, a violencia relacionada co dote, a violación polo marido, a mutilación xenital feminina e outras prácticas

tradicionais nocivas para a muller, os actos de violencia perpetrados por outros membros da familia e a violencia relacionada coa explotación.

- b) A violencia física, sexual e psicolóxica perpetrada dentro da comunidade en xeral, inclusive a violación, o abuso sexual, o acoso e a intimidación sexuais no traballo, en institucións educacionais e noutros lugares, a trata de mulleres e a prostitución forzada.
- c) A violencia física, sexual e psicolóxica perpetrada ou tolerada polo Estado, onde queira que ocorra.

Delimitado o concepto de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, o Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 compendia unha serie de medidas de protección integral e asistencia ás persoas vítimas e superviventes de trata con fins de explotación sexual, no marco xeral dunha intervención destinada á erradicación de todas as situacións que conflúen na explotación sexual (prostitución coactiva, proxenetismo etc.).

3. CONTEXTO NORMATIVO E PROGRAMÁTICO

A abordaxe a través de instrumentos xurídico-normativos da trata de seres humanos en xeral e, en particular, a de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, como unha das formas máis graves de vulneración dos dereitos humanos, remóntase a hai máis de cen anos, aínda que é nas últimas décadas cando experimenta a maior evolución en canto ao seu desenvolvemento normativo, tanto no contexto internacional como no noso país.

Ao longo das seguintes liñas realízase unha aproximación aos diversos textos normativos e outros instrumentos programáticos establecidos polos diferentes organismos e institucións no contexto internacional, europeo, estatal e autonómico.

Ámbito internacional

⇒ Varios tratados e convenios internacionais aprobados ao longo do século XX recollen o compromiso das distintas nacións na loita contra a trata e o comercio de mulleres e nenas con fins de explotación sexual², pero, sen dúbida, o fito máis relevante na definición de instrumentos reguladores especificamente dirixidos á loita contra as diferentes formas de trata de seres humanos ten lugar no ano 2000, coa aprobación do Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos. Este Protocolo complementa a Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional, coñecido como *Protocolo de Palermo*, ratificado por España o 21 de febreiro de 2002 e cuxa entrada en vigor produciuse o 25 de decembro de 2003.

O Protocolo reconece que a trata de seres humanos constitúe unha violación dos dereitos humanos e demanda un compromiso de actuación centrado nas persoas, priorizando a protección e a promoción dos dereitos das vítimas fronte a outros obxectivos.

Ademais, recolle a que representa a definición de trata máis aceptada e consensuada no ámbito internacional, a cal inclúe como accións constitutivas a captación, o transporte, o traslado, a acollida e/ou a recepción, así como os medios empregados (forza, engano, abuso de poder, pago ou remuneración a alguén que exerza un control previo sobre a vítima, etc.).

² Entre outros, o Acordo Internacional do 18 de maio de 1904 para a represión de trata de brancas, o Convenio internacional do 30 de setembro de 1921 para a represión de trata de mulleres e nenos e o Convenio para a represión de trata de persoas e da explotación da prostitución allea de 1950.

A partir da aprobación do Protocolo de Palermo intensifícase, de forma notable, a articulación de instrumentos de distinta índole por parte de diversos organismos internacionais para loitar contra a trata de seres humanos, combater de xeito máis eficaz o delito e, sobre todo, para situar no centro das actuacións a defensa dos dereitos das vítimas e a mellora da asistencia e a protección.

- ⇒ Outro instrumento de abordaxe específica da trata de persoas de carácter internacional é o Plan de Acción Mundial das Nacións Unidas para combater a trata de persoas (Resolución 64/293), aprobado en 2010, no que se recolle a necesidade de elaborar un plan de acción mundial contra a trata de persoas que, entre outros fins, axude aos estados membros a reforzar as súas actuacións de prevención e loita contra a trata, promova respostas amplas e coordinadas no plano internacional, rexional e nacional e adopte un enfoque baseado nos dereitos humanos e que teña en conta o xénero e a idade ao facer fronte a todos os factores que contribúen a que as persoas sexan vulnerables á trata e fortalecer a resposta da xustiza penal.
- ⇒ Posteriormente, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou o 18 de decembro de 2013 a Resolución 68/192 sobre Medidas para mellorar a coordinación da loita contra a trata de persoas, que pon o foco na cooperación para crear redes estruturadas que permitan exercer unha acción coordinada en todas as fronteas de acción contra a trata de persoas, incluíndo a organismos internacionais, coordinadores nacionais e sociedade civil. Ademais, instituíu o 30 de xullo como “Día Mundial contra a Trata de Persoas”, e estableceu que a Axenda de Desenvolvemento Sustentable despois de 2015 incluíse o “compromiso de combater a trata de persoas”.
- ⇒ Como consecuencia, o 25 de setembro de 2015, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas incluía entre os dezasete obxectivos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, tres medidas expresas en materia de trata de persoas, concretamente:
 - Obxectivo 5. Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e as nenas.

Meta 5.2. “Eliminar todas as formas de violencia contra todas as mulleres e as nenas nos ámbitos público e privado, incluídas a trata e a explotación sexual e outros tipos de explotación”.

- Obxectivo 8. Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as persoas.

Meta 8.7: "Adoptar medidas inmediatas e eficaces para erradicar o traballo forzoso, poñer fin ás formas contemporáneas de escravitude e a trata de persoas e asegurar a prohibición e eliminación das peores formas de traballo infantil, incluídos o recrutamento e a utilización de nenos soldados e, de aquí a 2025, poñer fin ao traballo infantil en todas as súas formas".

- Obxectivo 16. Promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas.

Meta 16.2: "Poñer fin aos malos tratos, a explotación, a trata e todas as formas de violencia e tortura contra a infancia".

- ⇒ Por outra banda, a Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE), aprobou en 2003 o Plan de Acción da Organización para a Seguridade e a Cooperación **en Europa (OSCE) "Loitando contra a trata de Seres humanos"**, documento no que se insta aos países integrantes a incorporar ás respectivas lexislacións tipos penais que sancionen a trata e a posta en marcha de medidas dirixidas á investigación do delito e de apoio e protección ás vítimas.
- ⇒ No ámbito dos dereitos das persoas menores de idade, cómpre facer mención á Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos da Infancia (1989) e ao Protocolo facultativo da Convención sobre os Dereitos da Infancia relativo á venda de nenos, a prostitución infantil e a utilización de nenos na pornografía (Asemblea Xeral de Nacións Unidas, Resolución 54/263 do 25 de maio de 2000, en vigor desde o 18 de xaneiro de 2002). Este outorga ás vítimas menores de 18 anos³ unha protección especial, e establece, entre outros aspectos, a irrelevancia do consentimento cando a vítima sexa menor de idade, xa que, de acordo con esta regulación, non resulta necesaria a coacción, a ameaza ou o engano para establecer a condición de vítima cando esta sexa menor de 18 anos.
- ⇒ Outro importante instrumento no ámbito da eliminación da violencia contra as mulleres é a Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW), do 18 de decembro de 1979, na que se recoñece a trata e a prostitución como formas de discriminación e violencia

³ Por "neno ou nena" entenderase toda persoa menor de 18 anos.

contra as mulleres e na que se insta aos estados parte a adoptar todas as medidas necesarias para erradicar estas formas de violencia. Máis adiante, varias resolucións da Asemblea Xeral e do Consello de Seguridade de Nacións Unidas condenan a trata e a explotación sexual como unha forma de violencia contra as mulleres. Ademais, nesta liña afondan a Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller da Asemblea Xeral de Nacións Unidas de 1993 e a Plataforma de Acción de Beijing (1995).

- ⇒ Outros instrumentos internacionais de carácter non específico abordan tamén a necesidade de eliminar todas as formas de trata: a Declaración sobre os Dereitos Humanos de 1948 prohibe a trata de persoas no seu artigo 4 -**“ninguén estará sometido a escravitude nin a servidume, a escravitude e a trata de escravos están prohibidas en todas as súas formas”**-.

Ámbito europeo

No contexto europeo as últimas dúas décadas tamén deron lugar a unha significativa actuación na abordaxe da trata a través de diferentes instrumentos.

- ⇒ No ámbito do Consello de Europa, cómpre facer mención ao denominado *Convenio de Varsovia* -Convenio do Consello de Europa número 197, do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos, ratificado por España o 2 de abril de 2009, o cal asume os principios básicos do Protocolo de Palermo e incorpora a definición de **“trata de seres humanos”** que este recolle e que conta co consenso internacional. O Convenio de Varsovia compromete aos estados membros a loitar contra todas as formas de trata, a nivel nacional ou transnacional, estean ou non relacionadas co crime organizado. Así mesmo, esixe asegurar a protección de todas as posibles vítimas, adultas e menores, con independencia da forma de explotación. No caso de que se descoñeza a idade da vítima e haxa motivos para pensar que pode ser menor de idade, será considerada menor ata que se determine a súa idade.
- ⇒ Nesta liña, esta mesma institución aproba en 2007 o Convenio do Consello de Europa, para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual - que entra en vigor en España en novembro de 2010-, que establece como núcleo central a protección da persoa menor de idade, incorpora medidas dirixidas á prevención de delitos sexuais contra menores, a persecución penal das persoas autoras e a protección das vítimas infantís destes delitos, entre os que se atopa o recrutamento para a prostitución infantil.

⇒ Por outra parte, hai que salientar a aprobación do Convenio europeo número 210 sobre a Prevención e a Loita contra a Violencia cara ás Mulleres e a Violencia Doméstica. O Convenio, adoptado en Istambul polos 47 Estados membros do Consello de Europa o 11 de maio de 2011, e ratificado por España o 11 de abril de 2014, é o primeiro tratado europeo que aborda de maneira específica a violencia contra as mulleres e a violencia intrafamiliar. O tratado expón unhas normas mínimas sobre prevención, protección, axuízamento e desenvolvemento de políticas integradas. Os países que ratifican o tratado están obrigados a **protexer e apoiar as vítimas desta violencia. O Convenio define a “violencia contra as mulleres” como unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra as mulleres.**

Este termo designará todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poden implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar os devanditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada. No texto defínense como crimes as diversas formas de violencia, como o matrimonio forzoso, a mutilación xenital feminina, o acoso sexual ou a violencia física e psicolóxica contra as mulleres.

⇒ Pola súa banda, a Unión Europea vén abordando a trata de seres humanos a través de distintos instrumentos normativos e estratéxicos. Varias directivas abordan a trata de seres humanos e a loita contra a explotación sexual, incluída a infantil⁴. Pero a principal norma reguladora é a Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas, pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello. Esta directiva constitúe un instrumento fundamental na loita contra a trata ao abordar este fenómeno transnacional de forma global e integral desde a perspectiva de xénero e situar no núcleo da regulación a protección e a intervención social e integral das vítimas, polo que supera unha visión puramente punitiva.

⁴ A Directiva 2004/81/CE, do 29 de abril de 2004, relativa á Expedición dun Permiso de Residencia a Nacionais de Terceiros Países que sexan vítimas de trata de seres humanos ou fosen obxecto dunha acción de axuda á inmigración ilegal, que cooperen coas autoridades competentes; a Directiva 2011/93/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil e a Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos.

A citada Directiva europea define a trata de seres humanos seguindo o exposto no Protocolo de Palermo e determina que existe unha situación de vulnerabilidade cando a persoa non ten outra alternativa real ou aceptable excepto someterse ao abuso, de tal xeito que o consentimento dunha vítima de trata non se terá en conta cando fose obtido mediante ameaza, coacción, fraude, engano, incluíndo o aproveitamento da situación de vulnerabilidade (artigo 2).

- ⇒ No ámbito da planificación, coa finalidade de contribuír á aplicación da Directiva 2011/36/UE, a Unión Europea puxo en marcha a Estratexia da UE para a erradicación da trata de seres humanos (2012-2016), na que se establecían cinco prioridades nas que os países da Unión debían centrar as súas políticas para abordar a trata de seres humanos.
- ⇒ Finalizado o período de vixencia desta estratexia e consideradas as conclusións do informe de seguimento realizado en 2017, a Comisión Europea aproba en abril de 2021 a Estratexia Europea sobre a loita contra a trata de seres humanos 2021-2025. Esta nova Estratexia, que parte do marco xurídico establecido pola Directiva 2011/36/UE, supón avanzar na materialización de novos esforzos para lograr unha acción máis efectiva contra este delito e unha mellor protección e asistencia ás súas vítimas.

Prevé concentrar os esforzos nos seguintes ámbitos prioritarios, para abordar unha acción eficaz contra a trata de seres humanos:

- Resposta integral contra a trata no ámbito lexislativo, de desenvolvemento de políticas e a nivel operativo.
- Redución da demanda.
- Desarticular o modelo de negocio da trata.
- Protexer, apoiar e empoderar as vítimas, con especial atención ás mulleres e a infancia.
- Promover a cooperación internacional.

Ámbito estatal

Froito das regulacións adoptadas no marco internacional a través de diversos tratados e convenios ratificados por España, así como as aprobadas no ámbito da Unión Europea, no contexto español tamén se foron producindo importantes avances

nos últimos anos dirixidos a reforzar a persecución e a sanción dos delitos relacionados coa trata de persoas e a garantir a protección e a asistencia ás vítimas.

- ⇒ No ámbito penal, cómpre facer mención á Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, que tipificou o delito de trata de seres humanos (art.177 bis CP) e estableceu unha definición do delito que eliminou a confusión entre a trata de persoas e o tráfico de inmigrantes, incorpora as modalidades agravadas do delito, e recolle o principio de non persecución das vítimas de trata polos delitos que puidesen cometer na situación de explotación sufrida⁵.
- ⇒ Pola súa banda, a Lei orgánica 1/ 2015, do 30 de marzo, modificou de novo o delito de trata para penalizar outras actuacións conexas, como o intercambio ou a transferencia de control sobre as persoas, a entrega ou recepción de pagos ou beneficios para obter o consentimento da persoa que controla a vítima, e entre as finalidades, a explotación para que as vítimas cometan actos delituosos para as persoas explotadoras e a celebración de matrimonios forzados.

Os delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual modificáronse tamén en 2015, castigando a prostitución coactiva (art. 187 CP) e a prostitución de menores (art. 188 CP), sen que se regule penalmente o exercicio de prostitución. Esta reforma incluíu a penalización da explotación da prostitución en casos de vulnerabilidade económica ou social, ou cando se impoñan condicións gravosas, desproporcionadas ou abusivas. Nestes casos considerácese explotación, incluso existindo consentimento por parte da vítima.

- ⇒ En materia de protección ás vítimas hai que salientar a modificación realizada na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España e a súa Integración Social, a través da introdución do

⁵ **Punto 11 do artigo 177 bis:** *"Sen prexuízo da aplicación das regras xerais deste Código, a vítima de trata de seres humanos quedará exenta de pena polas infraccións penais que cometese na situación de explotación sufrida, sempre que a súa participación nelas fose consecuencia directa da situación de violencia, intimidación, engano ou abuso a que fose sometida e que exista unha adecuada proporcionalidade entre a devandita situación e o feito criminal realizado".* Esta exención incorpora a recomendación efectuada polo artigo 26 da Convención de Varsovia, que di o seguinte: *"as Partes deberán prever, conforme os principios fundamentais do seu sistema xurídico, a posibilidade de non impoñer sancións ás vítimas por tomar parte en actividades ilícitas cando fosen obrigadas a iso".* Esta recomendación recóllese tamén no art. 8 da Directiva 36/2011/CE: *"os Estados membros adoptarán, de conformidade cos principios básicos dos seus respectivos ordenamentos xurídicos, as medidas necesarias para garantir que as autoridades nacionais competentes poidan optar por non axuizar nin impoñer penas ás vítimas de trata de seres humanos pola súa participación en actividades ilícitas que se viron obrigadas a cometer como consecuencia directa de ser obxecto de calquera dos actos contemplados no artigo 2".*

artigo 59 bis, que supuxo un claro avance na protección das vítimas máis vulnerables, as vítimas estranxeiras en situación administrativa irregular.

Esta reforma garante o acceso das vítimas de trata de seres humanos á asistencia integral, con independencia da súa situación administrativa, e regula a concesión dun período de restablecemento e reflexión. Este período permite ás vítimas estranxeiras que se atopan en situación irregular afastarse da influencia das persoas tratantes, iniciar o proceso de recuperación e tomar unha decisión en torno á cooperación coas autoridades competentes para a investigación do delito, consonte ao establecido no artigo 13 do Convenio de Varsovia.

Con esta modificación, desde o momento en que se inicia o proceso de identificación dunha posible vítima de trata, déixanse sen aplicación as medidas sancionadoras derivadas da súa situación irregular no país e autorízase, en caso de aceptación do período de restablecemento e reflexión -de cando menos 90 días-, a estancia temporal no país e a garantía de acceso a medidas de asistencia integral, seguridade e protección.

- ⇒ Esta regulación foi desenvolvida no Regulamento da Lei orgánica 4/2000 sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España e a súa Integración Social, aprobado por Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, que garante o acceso das vítimas aos recursos de asistencia e protección, a concesión do período de restablecemento e reflexión e da exención de responsabilidade e a obtención dun permiso de residencia e traballo por circunstancias excepcionais.
- ⇒ Froito destas regulacións en materia de estranxeiría, o Goberno Central, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado subscriben tamén en 2011 o Protocolo Marco de Protección de Vítimas de Trata de Seres Humanos, documento no que se establecen as bases da cooperación e a coordinación entre institucións e administracións competentes, así como a participación das organizacións especializadas na acollida, protección e asistencia ás vítimas.

Este Protocolo sentou as bases da elaboración de instrumentos semellantes de ámbito autonómico, debendo destacarse precisamente a comunidade autónoma de Galicia como pioneira neste ámbito, ao dispoñer dun protocolo específico con anterioridade á redacción do Protocolo Marco estatal, o que deu lugar á posterior revisión e actualización deste instrumento autonómico consonte ao contido do Protocolo Marco.

⇒ Tamén no ámbito da atención ás vítimas, a transposición da Directiva europea 2012/29/UE deu lugar en 2015 á Lei do Estatuto da vítima do delito. A finalidade desta norma é garantir un catálogo amplo de dereitos, tanto procesuais como extraprocesuais, que posibilite ás vítimas o apoio e a información necesarios a fin de evitar a revitimización e asegurar a atención integral fronte aos efectos traumáticos do delito. A lei aplícase independentemente da nacionalidade e a situación administrativa, mesmo sen denuncia. Ademais, os fillos e as fillas das sobreviventes son considerados vítimas indirectas e gozan dunha ampla protección, o que esixe que as autoridades públicas tomen medidas para salvagardalos e favorecer o seu desenvolvemento.

⇒ Outros textos normativos do panorama lexislativo español incorporan preceptos que melloran a protección e a asistencia ás vítimas de trata. Así, todas as vítimas de trata teñen dereito á asistencia xurídica e a asistencia sanitaria. Así mesmo, teñen dereito a ser recoñecidas testemuñas protexidas e a ser asistidas por intérpretes.

As vítimas de trata, en paralelo a ser documentadas en vía de estranxeiría por colaboración ou por situación persoal da vítima, en caso de identificación policial, tamén teñen dereito a solicitar protección internacional, segundo a Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do Dereito de Asilo e da Protección Subsidiaria, se a persecución se fundamenta en razóns de xénero.

⇒ No ámbito das situacións reguladoras das persoas menores de idade, ademais de disposicións específicas recollidas na Lei orgánica 4/2000 e no seu Regulamento, hai que mencionar a aprobación en outubro de 2014 do Protocolo marco sobre determinadas actuacións en relación cos menores estranxeiros non acompañados -Protocolo MENA-. Este instrumento, dirixido a coordinar a intervención entre as distintas administracións implicadas, desde a localización da ou do suposto menor ata a súa identificación, a determinación da súa idade e a posta a disposición das autoridades competentes na protección de menores, recolle no seu segundo apartado as disposicións en materia de prevención da trata de seres humanos.

⇒ A aprobación da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de Protección á Infancia e á Adolescencia, supuxo o recoñecemento legal da mellora da atención e a protección dos fillos e fillas das mulleres vítimas da violencia de xénero, así como das persoas menores de idade vítimas doutras formas de violencia sobre as mulleres. Ademais, recoñece a protección dos e das

menores de idade contra todas as formas de violencia, incluída a trata de seres humanos.

- ⇒ Máis recentemente, a Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (LOPVI), regula o dereito á protección integral das persoas menores de idade fronte a calquera forma de violencia, incluíndo a sexual. Esta lei establece medidas en diferentes ámbitos, entre os que destacan os ámbitos sanitario, educativo, de servizos sociais, xudicial, das Forzas e Corpos de Seguridade ou das novas tecnoloxías, entre outros.

O título preliminar aborda a formación especializada, inicial e continua, dos e das profesionais que teñan un contacto habitual con persoas menores de idade e recolle a necesaria cooperación e colaboración entre as administracións públicas, e establece para ese efecto a creación da Conferencia Sectorial da infancia e a adolescencia.

- ⇒ Doutra banda, xa no ámbito dos instrumentos de planificación, cómpre mencionar o Plan Integral de loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual para o período 2009-2012 e a Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Muller (2013- 2016), que recollían medidas dirixidas a avanzar na erradicación de todas as formas de violencia contra as mulleres, facendo especial fincapé na trata de mulleres con fins de explotación sexual.
- ⇒ Posteriormente, apróbase o Plan Integral de Loita Contra a Trata de Mulleres e Nenas con fins de Explotación Sexual (2015-2018), no que se establecen unha serie de prioridades, obxectivos e medidas -acordes coas recomendacións da Estratexia da Unión Europea para a erradicación da trata de seres humanos (2012-2016), daquela en vigor- para abordar este fenómeno. Este novo plan supón un paso máis que os predecesores instrumentos, pois nace coa vocación de ofrecer un tratamento específico de carácter integral ás situacións de trata de mulleres e nenas que implique as administracións, institucións e entidades con responsabilidades e especialización na materia e que contemple as especiais características de vítimas e delincuentes.
- ⇒ En decembro de 2017 os distintos grupos parlamentarios, as comunidades autónomas e as entidades locais representadas na Federación Española de Municipios e Provincias, ratificaron o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Entre as 290 medidas concretadas neste Pacto de Estado atópanse

distintas medidas dirixidas á loita contra a trata con fins de explotación sexual e para a atención ás súas vítimas. Entre estas medidas destacan as incluídas no **“Eixe 8: visualización e atención a outras formas de violencia contra as mulleres”**. Dentro deste eixe cómpre mencionar a medida 257, dirixida ao impulso dunha lei **contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, “que estableza mecanismos adecuados para a prevención, refórce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas”**.

- ⇒ En xaneiro de 2022 presentouse o Plan estratéxico Nacional contra a trata e a explotación sexual de seres humanos, PENTRA, 2021 – 2023 (CITCO – Ministerio do Interior), que contén un amplo conxunto de actuacións de todos os Ministerios para a prevención e intervención sobre a trata e a explotación sexual de seres humanos. O plan potencia e articula medidas non só para mellorar a loita contra este delito, senón tamén para facilitar a adecuada asistencia e protección ás súas vítimas, todo iso mediante un mecanismo de estreita cooperación entre os distintos organismos da Administración Xeral do Estado implicados, así como coas organizacións especializadas da sociedade civil.

O plan fixa cinco obxectivos prioritarios troncais, para cuxa consecución abre dezaseis liñas de actuación, de maneira que o conxunto facilite unha acción eficaz e integral contra a trata de seres humanos e en defensa das súas vítimas. As cinco prioridades son: detección e prevención da trata de seres humanos; identificación, derivación, protección, asistencia e recuperación das vítimas de trata de seres humanos; persecución do delito; cooperación e coordinación e mellora do coñecemento.

- ⇒ En maio de 2022 a Conferencia Sectorial Extraordinaria Conxunta de Igualdade, Infancia e Adolescencia, con participación do Ministerio de Igualdade, o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e as comunidades autónomas, aproban o Plan de acción contra a explotación sexual de nenas, nenos e adolescentes do sistema de protección á infancia. Este Plan de Acción ten como obxectivo a erradicación da explotación sexual a nenas, nenos e adolescentes do sistema de protección⁶, e inclúe para iso diversas medidas.

⁶ Tal e como recolle o informe deste Plan de acción, na actualidade en España as administracións públicas son responsables da seguridade, desenvolvemento e dereitos de 35.608 nenos e nenas, das que 16.9913 están acollidas en centros residenciais do sistema de protección á infancia e a adolescencia.

Entre estas medidas, figuran a formación especializada en prevención e detección de explotación sexual a todas as persoas traballadoras dos centros residenciais de protección á infancia das comunidades autónomas; a elaboración dun protocolo para a prevención, detección precoz e intervención fronte ás posibles situacións de violencia contra a infancia en centros residenciais do sistema de protección. Tamén se centra na elaboración dunha guía común de actuación para a detección, notificación e derivación de casos de explotación sexual contra a infancia en centros residenciais, con especial atención a nenas e adolescentes, ademais da creación de servizos especializados de atención e recuperación integral para nenas e adolescentes vítimas de explotación sexual.

- ⇒ Por último, hai que indicar que na actualidade atópase en proceso de tramitación parlamentaria a Lei Orgánica de Garantía Integral da Liberdade Sexual, cuxo obxecto específico é a protección integral do dereito á liberdade sexual e a erradicación de todas as violencias sexuais. Considéranse violencias sexuais os delitos previstos no título VIII do libro II da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzado, o acoso con connotación sexual e a trata con fins de explotación sexual. O proxecto inclúe disposicións relativas á garantía de especialización profesional a través da formación de todos os sectores profesionais que interveñen na prevención e a resposta ás violencias sexuais, así como o establecemento dunha rede de servizos de atención integral especializada. A creación destes servizos especializados de atención e recuperación integral teñen o obxectivo de garantir o dereito á asistencia **integral especializada e accesible, a través dos “Centros de Crises 24 horas”, os “Servizos de recuperación integral”, os “Servizos de atención a vítimas de trata e explotación sexual” e os “Servizos de atención especializada a nenas e nenos vítimas de violencias sexuais” (artigos 31 e 34).**

Doutra banda, entre os compromisos da lexislatura derivados do Pacto de Estado atópase a redacción dun proxecto de lei integral contra a trata de seres humanos, especialmente de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, e a protección das súas vítimas.

Desde o Ministerio de Igualdade, así mesmo, está a deseñarse actualmente a futura Estratexia Estatal de loita contra as Violencias Machistas (2022-2025), que incorporará medidas e accións específicas de prevención, sensibilización e atención especializadas no marco das violencias sexuais exercidas sobre mulleres adultas, nenas e adolescentes.

E como iniciativa máis recente, en xuño de 2022 o Congreso dos Deputados aprobou admitir a trámite unha proposición del lei presentada polo PSOE para prohibir o proxenetismo e abolir a prostitución.

Ámbito da comunidade autónoma

A comunidade autónoma de Galicia vén abordando desde hai dúas décadas o tratamento da trata de persoas con fins de explotación sexual a través de distintos instrumentos:

En primeiro lugar, cómpre salientar que Galicia define a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Así o recolle a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, no seu artigo 3 letra f): *“A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual”*.

Doutra banda, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade no Capítulo VI *-A inserción social das mulleres en situación de exclusión social-*, dedica o seu artigo 41 á situación das mulleres prostituídas, e recolle os seguintes compromisos:

Artigo 41. “Mulleres prostituídas:

- 1. A Xunta de Galicia fará periodicamente campañas de información e sensibilización sobre a situación de explotación que están a sufrir as mulleres prostituídas.*
- 2. A Xunta de Galicia reforzará os servizos sociais de atención primaria para que sexan máis áxiles e efectivos na axuda ás mulleres prostituídas.*
- 3. A Xunta de Galicia loitará contra o tráfico de mulleres, de nenas e de nenos que ten como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma. Esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.”*

Como se indicou en páxinas anteriores, Galicia foi unha comunidade pioneira na elaboración dun instrumento específico de actuación no ámbito da trata con fins de explotación sexual, o Protocolo de actuación institucional sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. Este protocolo foi aprobado en 2010, e renovouse no ano 2012, axustándose o seu contido ao establecido no Protocolo Marco de Protección

de Víctimas de Trata de Seres Humanos, de ámbito nacional e a outras modificacións lexislativas.

O Protocolo pretende servir de instrumento para a actuación conxunta e multidisciplinar dirixida a combater a trata de seres humanos con fins de explotación **sexual, entendendo por tal "aquela que así se considere en cada momento na lexislación penal en vigor⁷ e, en todo caso, a trata de persoas procedentes de países estranxeiros non pertencentes ao territorio Schengen que foron trasladadas a este territorio con fins de explotación sexual e ao que accederon de *forma clandestina ou ilegal*".**

Segundo o punto 1 do Título I, este Protocolo ten por obxecto "implementar medidas destinadas a previr a trata de mulleres para a explotación sexual e asistir ás súas vítimas".

Estruturado en catro títulos, o Protocolo recolle no seu título III *-Do réxime penal e procesual da trata de mulleres-* as actuacións a desenvolver por parte das distintas institucións e axentes implicados: no ámbito policial, por parte das organizacións non gobernamentais, desde a inspección laboral, no ámbito xudicial e no da cooperación institucional. O Título IV dedícase á creación, no ámbito da Xunta de Galicia, do Programa de prevención e asistencia ás vítimas da trata de mulleres, no que se describen os seus obxectivos e funcións.

No plano programático, o Goberno galego veu abordando o fenómeno da trata e a explotación sexual a través dos sucesivos plans estratéxicos de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes aprobados ao longo das últimas décadas.

Na actualidade, aprobado o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, un instrumento de planificación concibido como unha estratexia marco doutros plans específicos en materia de igualdade, a trata con fins de explotación sexual é abordada nunha das cinco prioridades de actuación incluídas no ámbito de intervención 8, dedicado á loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres. En concreto, a prioridade 8.5 **"Desenvolver unha intervención integral e específica dirixida ás vítimas de trata con**

⁷ Cómpre ter en conta que con anterioridade á entrada en vigor da Lei orgánica 5/2010 de reforma do Código penal, non existía unha tipificación independente do delito de trata de seres humanos, pois aparecía regulada de forma uniforme co delito de inmigración clandestina, unificando as dúas realidades criminolóxicas, en contra do disposto na normativa internacional. Coa reforma do ano 2010, o delito de trata de seres humanos queda tipificado de forma autónoma no artigo 177 bis, mentres que o delito de inmigración clandestina permanece regulado no artigo 318 bis do CP. Ademais desta separación, como indica o propio Protocolo, a principal novidade deste artigo é a eliminación do requisito transfronteirizo, de xeito que tamén se poderán perseguir outras condutas que antes quedaban excluídas, como o tráfico de persoas polo territorio Schengen e a venda ou cesión do control de mulleres entre proxenetes.

fins de explotación sexual”, recolle catro liñas de acción dirixidas á sensibilización social; á mellora dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas e á consolidación e mellora dos recursos de atención integral ás mulleres, nenas e nenos vítimas desta forma de explotación, liñas todas elas que constitúen obxectivos esenciais do presente plan.

Para finalizar, o seguinte cadro resume a principal normativa de referencia contra a trata de persoas.

INSTRUMENTOS NORMATIVOS MÁIS IMPORTANTES CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS

Ámbito internacional

Nacións Unidas

- Protocolo para prever, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos. (Protocolo de Palermo. 2000).
- Protocolo facultativo da Convención sobre os Dereitos do Neno relativo á venda de nenos, a prostitución infantil e a utilización de nenas e nenos na pornografía (Asemblea Xeral de NNUU, Resolución 54/263 do 25 de maio de 2000).

Consello de Europa

- Convenio do Consello de Europa para a acción contra a trata de seres humanos. (Convenio de Varsovia). 2005.
- Convenio do Consello de Europa, para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual. (Convenio de Lanzarote). 2007.
 - Convenio do Consello de Europa sobre a Prevención e a Loita contra a Violencia cara ás Mulleres e a Violencia Doméstica. (Convenio de Estambul). 2011.

Unión Europea

- Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas.
- Directiva 2011/93/UE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil.

Ámbito estatal

Código Penal.

- Artigo 177 bis. "Da trata de seres humanos"
 - Artigos 187 a 190. "Dos delitos relativos á prostitución e á explotación sexual e corrupción de menores".
- Art. 187, relativo á prostitución coactiva e art.188, relativo á prostitución de menores e persoas con discapacidade necesitadas de especial protección.
 - Artigo 312. Explotación laboral de persoas traballadoras estranxeiras.
 - Artigo 318 bis. Relativo á inmigración clandestina.

Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España e a súa Integración Social.

- Artigo 59 bis. Medidas de protección para as vítimas de trata consonte o previsto no art. 10 do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra trata de seres humanos. Establece o período de restablecemento e reflexión de cando menos 90 días.

Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do Dereito de Asilo e da Protección Subsidiaria.

- Artigo 46.1. Relativo á situación específica das persoas solicitantes ou beneficiarias de protección internacional en situación de vulnerabilidade, tales como (...) e "vítimas de trata de persoas".

Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei Orgánica 2/2009.

- Artigos 138 a 146. Regúlanse, entre outros aspectos, a Identificación das potenciais vítimas non comunitarias de trata de seres humanos; o período de restablecemento e reflexión; a exención de responsabilidade ou a autorización de residencia e traballo.

Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.

- No Título III inclúense medidas concretas de protección para colectivos que carecen de lexislación especial e, particularmente, as de menores de idade vítimas de abuso, explotación ou pornografía infantil, vítimas de trata de seres humanos (...).

Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

- Inclúe referencias á trata de seres humanos en varias disposicións.
 - No artigo 13 incorpóranse dous novos apartados en relación aos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, trata de seres humanos e explotación de menores.

Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

- Regula o dereito á protección integral das persoas menores de idade fronte a calquera forma de violencia, incluíndo a sexual.

Protocolo Marco de Protección de Vítimas de Trata de Seres Humanos. 2011.

- O seu ámbito territorial de aplicación esténdese a todo o territorio do Estado, sen prexuízo da aprobación de protocolos autonómicos e locais para o seu desenvolvemento.

Protocolo marco sobre determinadas actuacións en relación cos menores estranxeiros non acompañados. (Protocolo MENA). 2014.

- Capítulo IV. "Menores estranxeiros en situación de risco: medidas de prevención da trata de seres humanos e contra a utilización de menores".

Ámbito autonómico

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

- *Dedica o artigo 41 ás mulleres prostituídas. No seu punto 3 fai referencia á loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual e á necesidade de intervención integral das vítimas.*

Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- *Artigo 3 letra f). Inclúe como forma de violencia de xénero "a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual".*

Protocolo de actuación institucional sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. 2012.

- *Regula as actuacións dos poderes públicos e axentes implicados na prevención, loita e asistencia ás vítimas e establece a creación do Programa de prevención e asistencia ás vítimas da trata de mulleres.*

4. APROXIMACIÓN Á SITUACIÓN DA TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

Nos últimos anos comezouse a realizar un importante esforzo para a obtención de datos, tanto no ámbito internacional como estatal, que permitan avanzar no coñecemento da trata con fins de explotación sexual. Este avance fundaméntase nas directrices recollidas na Estratexia da UE para a erradicación da trata de seres humanos (2012 – 2016), incorporadas polo Goberno de España ao Plan integral de loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual 2015-2018.

Nestes instrumentos establécese como prioridade mellorar o coñecemento sobre todas as formas que presenta a trata de seres humanos para dar unha resposta eficaz, o que inclúe diversas accións, entre elas, o desenvolvemento de sistemas de recollida de datos. Isto implica a actualización e a mellora das bases de datos, así como promover a incorporación de información das distintas administracións e das organizacións especializadas na asistencia ás vítimas, a harmonización de indicadores etc.

Co fin de aproximarse á realidade da trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, descríbese a continuación o contexto actual, a partir da información dispoñible máis recente.

Perspectiva mundial

A nivel global, e segundo recolle o Informe Mundial sobre a trata de persoas de Nacións Unidas de 2020, elaborado a partir de datos de 2018⁸, a trata de persoas segue a ter rostro feminino. De cada 10 vítimas das distintas formas de trata, 5 son mulleres adultas e 2 son nenas. Os nenos representan o 10 %, mentres que en torno a un 20 % son homes adultos.

A maioría das mulleres identificadas como vítimas foron obxecto de trata con fins de explotación sexual, mentres que os homes foron, sobre todo, vítimas de trata para traballos forzados. Máis en concreto:

8 UNODC, *Global Report on Trafficking in Persons 2020* (United Nations publication, Sales No. E.20.IV.3).

-
- ⇒ O 77 % das mulleres adultas vítimas de trata foron explotadas con fins sexuais, un 14 % para traballos forzados, e un 9 % para outras formas de explotación. As proporcións son similares no caso das nenas: o 72 % foron vítimas de trata con fins de explotación sexual, un 21 % para traballos forzados e un 7 % para outras formas de explotación.
 - ⇒ Entre os homes a explotación sexual cífrase no 17 %, sendo vítimas de trata fundamentalmente para traballos forzados (67 %); un 15 % para outras formas de explotación e un 1 % para a extracción de órganos.
 - ⇒ Os nenos son obxecto de trata para traballos forzados no 66 % dos casos, un 23 % para explotación sexual e un 11 % para outros fins.
 - ⇒ A información recollida por zonas xeográficas indica que para Europa Central e Meridional -na que se atopa España xunto con outros 11 países-:
 - ⇒ A maioría das vítimas de trata son mulleres adultas pero cada vez se detectan máis homes e menores.
 - ⇒ A explotación sexual segue a ser a forma máis frecuente de trata, aínda que está aumentando a destinada a traballos forzados e a outros fins, principalmente explotadores a través da mendicidade.
 - ⇒ Aínda que a maioría das vítimas detectadas nesta rexión son estranxeiras, cada vez é máis frecuente a trata de persoas nacionais (do propio país).
 - ⇒ Nestes países europeos o 74 % das vítimas de trata con fins de explotación sexual son mulleres, un 16 % nenas, un 8 % homes e un 2 % nenos.
-

Ademais destes datos, o informe pon de manifesto un cambio de tendencias, e constátase un incremento nos últimos anos da trata de menores. Nos últimos 15 anos a proporción de mulleres adultas reduciuse de máis do 70 % ao 50% aproximadamente, mentres que a proporción de nenas e nenos aumentou de aproximadamente do 10 % a máis do 30 %. No mesmo período, a trata de homes pasou de representar á volta do 10 % ao 20 %, aproximadamente.

Outro dato a salientar é o risco de incremento da trata de seres humanos a causa da pandemia por COVID-19. A crise sanitaria global provocou unha importante recesión económica mundial. As proxeccións actuais indican que a "recesión

pandémica” suporá unha redución do produto interior bruto mundial do 6,2 %, o que a converte na recesión máis severa desde o final da Segunda Guerra Mundial. O deterioro das condicións económicas e laborais dos países menos desenvolvidos pode facer aumentar o número de persoas en risco de ser enganadas pola promesa de mellores oportunidades de traballo ou captadas para traballos en condicións abusivas.

-
- ⇒ En canto ás cifras manexadas neste informe correspondentes a España, recompiladas pola Oficina de Nacións Unidas contra a Droga e o Delito⁹, en 2018 identificáronse no país un total de 238 persoas vítimas de trata (en todas as súas formas), das cales 82 eran homes (34,45 %), 142 mulleres (59,66 %) e 14 menores (5,88 %; 11 nenos e 3 nenas).
 - ⇒ Do total de vítimas de trata, 128 persoas fórono con fins de explotación sexual (53,78 %), a inmensa maioría mulleres (96,1%) (en concreto 123, das cales 6 eran nenas, fronte a 5 homes (o 3,9%) e ningún neno con esta finalidade).
-

Perspectiva europea

En Europa a trata de seres humanos con fins de explotación sexual segue a ser a forma máis frecuente. Tal e como recolle o Segundo informe da Comisión Europea ao Parlamento Europeo e ao Consello sobre os progresos realizados na loita contra a trata de seres humanos (2018), conforme ao artigo 20 da Directiva 2011/36/UE relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas:

-
- ⇒ Entre os anos 2015-2016 houbo 9.759 vítimas rexistradas de explotación sexual, o que supón máis da metade do total das vítimas rexistradas que foron obxecto dalgún tipo de explotación constatada (56 %).
 - ⇒ A inmensa maioría delas, o 95 % das vítimas de explotación sexual rexistradas, eran mulleres e nenas. Obsérvase un acusado incremento do

⁹ Datos extraídos do Anexo I-datos elaborados no Informe Global 2020 en <https://www.unodc.org/unodc/en/data-and-analysis/glotip.html>

número de mulleres e nenas vítimas de trata na ruta do Mediterráneo central con fins de explotación sexual.

As vítimas sofren explotación na industria do sexo e o entretemento. A dita explotación vese facilitada polo rápido desenvolvemento tecnolóxico e o uso da Internet para publicitar os servizos e para captar as vítimas. Os patróns emerxentes constatados inclúen a pornografía, o uso de cámaras web e o abuso sexual de menores en directo e a distancia.

Este informe sinala, ademais, que a conclusión de Europol de que “hai estados membros nos que a prostitución é legal, o que facilita en gran medida a actividade dos traficantes de persoas que desexan ampararse nunha contorna legal para explotar ás súas vítimas”, atopa eco en diversos informes dos estados membros, segundo os cales as persoas traficantes tenden a conducir as súas vítimas cara a países nos que a prostitución se atopa regulada e practícase legalmente. Neste sentido, Europol constata que nalgúns estados nos que a prostitución é unha actividade legal, as persoas sospeitosas podían explotar a persoas menores de idade xunto a vítimas adultas en negocios legais, como bordeis, barrios de prostitución ou clubs de sexo, a miúdo co apoio das persoas administradoras dos devanditos negocios, dado que a prostitución infantil pode resultar moi rendible, pois os “clientes” adoitan estar dispostos a pagar máis por manter relacións sexuais con menores de idade.

A pesar de que os informes da maioría dos estados membros mencionan a trata con fins de explotación sexual como tipo máis frecuente, a información sobre as medidas adoptadas polos países mostra unha tendencia para concentrarse noutras formas de explotación. Recoméndase, por iso, que os estados membros intensifiquen os seus esforzos na loita contra a trata con fins de explotación sexual, e converter este tipo de trata nunha prioridade. Deben establecer medidas que melloren a súa capacidade para detectar as vítimas de todas as formas de explotación, aínda que estas medidas non deberían ir en detrimento das vítimas de explotación sexual.

Ao respecto destas recomendacións, cabe salientar que o Parlamento Europeo aprobou en febreiro de 2021 un informe elaborado pola Comisión de Liberdades Cívís (LIBE) e a Comisión de Dereitos das Mulleres e Igualdade de Xénero (FEMM)¹⁰ a través

¹⁰ European Parliament. A9-0011/2021 1/2/2021 Report on the implementation of Directive 2011/36/EU on preventing and combating trafficking in human beings and protecting its victims (2020/2029(INI)) Committee on Civil Liberties, Justice and Home Affairs. **Committee on Women’s Rights and Gender Equality.**

do que se pide perseguir a "demanda de servizos" ofrecidos polas vítimas de trata, tipificándoos como delito penal. Coa aprobación deste informe, as e os eurodeputados queren que a Unión Europea intensifique a loita contra a trata de persoas, reforce a protección das vítimas e termine coa impunidade dos traficantes. O informe alerta de que "a falta de vías de migración seguras e legais para as persoas solicitantes de asilo aumenta a súa vulnerabilidade ante a trata". O texto avalía a aplicación da directiva europea relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas, e céntrase na dimensión de xénero de trata, especialmente con fins de explotación sexual; na situación das persoas migrantes e persoas solicitantes de asilo; e na das e dos menores de idade, sobre todo aquelas e aqueles non acompañados.

O informe sostén que a directiva "non se aplicou de maneira satisfactoria, en particular debido a unha transposición incompleta ou incorrecta".

O texto considera que "as causas profundas de trata de seres humanos seguen sen abordarse de maneira suficiente". E engade: "A desigualdade de xénero, a pobreza, os desprazamentos forzosos, o desemprego, a falta de oportunidades socioeconómicas, a falta de acceso á educación, a violencia de xénero, a discriminación, a marxinación e a corrupción son algúns dos factores que contribúen a que as persoas, especialmente as mulleres e as persoas menores de idade, sexan vulnerables a trata".

Perspectiva estatal

O IV Informe de seguimento do Plan Integral de loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, correspondente ao ano 2018, compila información sobre as vítimas de trata con fins de explotación sexual a partir de distintas fontes. Con periodicidade anual, a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero recolle datos relativos á asistencia proporcionada a mulleres e nenas vítimas de trata con fins de explotación sexual, a partir dos cuestionarios remitidos polas entidades encargadas de proporcionar asistencia a este tipo de vítimas.

A partir dos datos facilitados polas entidades obtense o seguinte perfil das vítimas:

-
- ⇒ Do conxunto mulleres atendidas (37.214), as organizacións observaron signos de trata ou de explotación sexual en 13.317, das cales arredor do 32,30 % presenta indicios de trata con fins de explotación sexual.

- ⇒ Das 4.302 mulleres nas que se observaron signos de trata con fins de explotación sexual, 656 mulleres tiñan fillos e fillas.
- ⇒ A maior parte das mulleres que presentan signos de trata con fins de explotación sexual concéntranse en dúas franxas de idade: entre 18 e 25 anos (39,40 %) e entre 26 e 35 (33,82 %). Ademais, o 3,44% eran menores de idade, dato que supón un importante incremento na detección de posibles vítimas menores de idade con respecto ao ano 2017, no que se detectaron 87 menores de idade (1,71% do total de vítimas de trata do devandito ano).
- ⇒ A maioría das mulleres que presentan signos de trata con fins de explotación sexual proceden do continente africano (39,46 %). Por países, destacan Nixeria e Romanía, co 26,8 % e o 15,71 % respectivamente, sendo estas, á súa vez, as que presentan unha maior porcentaxe de mulleres menores de 25 anos, xunto coas procedentes de Paraguai.
- ⇒ Do total de vítimas, 94 teñen a nacionalidade española o que representa o 2,19 % dos casos de trata detectados en 2018.

Este informe de seguimento recolle tamén información proporcionada polo Centro de Intelixencia Contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO, Ministerio do Interior), procedente da súa base de datos en materia de trata de seres humanos para o ano 2018:

-
- ⇒ O perfil máis habitual das vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual¹¹, foi o dunha muller de 28 a 32 anos, de nacionalidade nixeriana, que na maior parte dos casos se atopaba en situación administrativa irregular. As vítimas de trata en situación irregular constituíron o 40% do total e a todas elas ofrecéuselles o período de restablecemento e reflexión.
 - ⇒ O perfil máis frecuente das vítimas de explotación sexual¹² é o dunha muller no que o rango de idade é maior que no caso de trata, pois no 59% dos casos sitúanse no grupo de idade de entre 28 a 42 anos, sendo a máis frecuente a

11 Segundo o especificado no Código penal español: "trata de seres humanos", consonte ao artigo 177 bis, apartado 1.

12 Segundo o especificado no artigo 187 do Código penal español: relativo ao delito de "explotación sexual".

nacionalidade romanesa. A diferenza da trata, a situación administrativa é maioritariamente regular.

Ao panorama descrito, que segundo as organizacións especializadas na atención ás vítimas constitúe só unha pequena parte da magnitude real da trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual en España, pódense engadir algunhas cifras relativas ao negocio da prostitución, xa que a prostitución é o principal destino das vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Neste sentido, segundo recolle o Plan Integral de loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual 2015-2018, en 2012 o CITCO estimaba que o número de mulleres en situación de prostitución en España ascendía a 45.000.

En canto ao volume económico das actividades relacionadas co sector da prostitución, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística do ano 2014, estímase que as actividades ilegais supoñen un 0,87 % do Produto Interior Bruto (PIB) de España, representando a prostitución un 0,35 % do total, o que supón aproximadamente 3.700 millóns de euros.

Perspectiva autonómica

Segundo datos máis recentes, procedentes do Balance estatístico 2016-2020 sobre a trata de seres humanos en España elaborado polo Centro de Intelixencia Contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO):

-
- ⇒ En 2020, un ano marcado pola pandemia da Covid-19, das 1.252 inspeccións administrativas realizadas en lugares de exercicio da prostitución no conxunto do Estado, 76 corresponden á comunidade autónoma galega. O número destas inspeccións foi descendendo paulatinamente no período 2016-2020 no conxunto do país; e concretamente en Galicia, pasou das 169 realizadas en 2016 ás 76 efectuadas no ano 2020.
 - ⇒ No transcurso destas inspeccións na comunidade autónoma, foron **identificadas como "persoas en situación de risco" nos lugares de exercicio da prostitución mentres exercían a dita actividade un total de 160, o que supón**

un descenso notable respecto de anos anteriores, tal e como reflicte o gráfico nº 2.

- ⇒ En Galicia, ao longo de 2020, foron identificadas 9 vítimas de trata con fins de explotación sexual (sen especificación do seu sexo)¹³, o que supón un descenso de 10 persoas respecto ao anterior, pero un incremento respecto ás cifras rexistradas entre os anos 2016 e 2018.
 - ⇒ O número de vítimas de explotación sexual é inferior, concretamente de 3 persoas, fronte ás 27 do ano anterior.
-

G.1 NÚMERO DE INSPECCIÓNS ADMINISTRATIVAS REALIZADAS EN LUGARES DE EXERCICIO DA PROSTITUCIÓN EN GALICIA. ANOS 2016-2020



Fonte: Balance estatístico 2016-2020 sobre a trata de seres humanos en España .CITCO, Secretaría de Estado de Seguridade. Ministerio do Interior.

¹³ O informe recolle os datos por sexo e pola variable persoas adultas/menores de idade só para os totais nacionais.

G.2 NÚMERO DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE RISCO IDENTIFICADAS EN LUGARES DE EJERCICIO DA PROSTITUCIÓN EN GALICIA. ANOS 2016-2020




Fonte: Balance estatístico 2016-2020 sobre a trata de seres humanos en España .CITCO, Secretaría de Estado de Seguridad. Ministerio do Interior.

G.3 NÚMERO DE PERSOAS IDENTIFICADAS COMO VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL EN GALICIA. ANOS 2016-2020



Fonte: Balance estatístico 2016-2020 sobre a trata de seres humanos en España .CITCO, Secretaría de Estado de Seguridad. Ministerio do Interior.

G.4 NÚMERO DE PERSOAS IDENTIFICADAS COMO VÍTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL EN
GALICIA. ANOS 2016-2020



Fonte: Balance estatístico 2016-2020 sobre a trata de seres humanos en España
.CITCO, Secretaría de Estado de Seguridade. Ministerio do Interior.

A información estatística sobre a situación da trata con fins de explotación sexual en Galicia procedente da Memoria da Fiscalía Xeral do Estado de 2021 a partir de datos de 2020, concretamente das bases de datos das catro fiscalías provinciais indica o seguinte:

- ⇒ Tendo en conta, de novo, a incidencia da pandemia e a instauración do estado de alarma en 2020, nese ano abríronse en Galicia só 2 dilixencias de investigación de fiscalía por presuntos delitos de trata de seres humanos en todas as súas formas, fronte a un total de 59 no ano anterior; as dúas por parte da Unidade de Estranxeiría da Fiscalía da provincia de Pontevedra. En total foron incoados 6 procedementos xudiciais, 1 en A Coruña, 2 en Ourense e outros 2 en Pontevedra. Nese ano non se ditou ningunha sentenza.

PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL 2022-2024

C.1 ESTATÍSTICA DE ACTUACIÓNS DAS UNIDADES DE ESTRANXEIRÍA DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA: DELITOS DE TRATA DE SERES HUMANOS (ART. 177 BIS CP). ANO 2020

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Dilixencias de investigación de fiscalía incoadas	0	0	0	2	2
Denuncias ou querelas interpostas	0	0	2	0	2
Procedementos xudiciais incoados	1	1	2	2	6
Cualificacións formuladas	1	0	0	3	4
Sentenzas ditadas	0	0	0	0	0
Supostos de aplicación do art. 59 bis da loex	0	0	4	0	4

Fonte: elaboración propia a partir das bases de datos da Memoria da Fiscalía Xeral do Estado 2021 (a partir de datos de 2020).

⇒ En canto aos datos relativos aos delitos de prostitución coactiva, non se abriron dilixencias de investigación en 2020 -frente a un total de 56 no ano anterior-. Incoáronse 5 procedementos xudiciais: 2 en A Coruña, 2 en Pontevedra e 1 en Ourense.

C.2 ESTATÍSTICA DE ACTUACIÓNS DAS UNIDADES DE ESTRANXEIRÍA DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA: DELITOS DE PROSTITUCIÓN COACTIVA (ART.187-188 CP). ANO 2019

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Dilixencias de investigación de fiscalía incoadas	0	0	0	0	0
Denuncias ou querelas interpostas	0	0	1	0	1
Procedementos xudiciais incoados	2	0	1	2	5
Cualificacións formuladas	2	0	0	0	2
Sentenzas ditadas	0	0	0	0	0

Fonte: elaboración propia a partir das bases de datos da Memoria da Fiscalía Xeral do Estado 2021 (a partir de datos de 2020).

Os datos estatísticos que se veñen de comentar, de fontes fiables e contrastables, constitúen, porén, unha minúscula parte da realidade da trata e a explotación sexual, como se apuntaba en anteriores páxinas.

Por iso, de cara á articulación de mecanismos de prevención e loita contra a trata con fins de explotación sexual e de atención integral ás vítimas, cómpre ter en conta que a prevalencia deste fenómeno é moi superior ao que estatísticas reflicten, tal e como apuntan as entidades especializadas e recollen distintos estudos¹⁴.

¹⁴ Entre eles, o recentemente elaborado pola organización social Accem, *Radiografía de la trata en Andalucía y en Galicia. Accem, 2021*.

5. PRINCIPIOS ORIENTADORES

O Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 foi concibido desde un enfoque abolicionista da prostitución e de recoñecemento da defensa e protección dos dereitos humanos das vítimas.

A partir destes piares básicos, os principios que orientarán o desenvolvemento do plan e que inspiraron a súa elaboración son os seguintes:

1. **As vítimas e sobreviventes como titulares de dereitos e protagonistas do plan.** Pártese do recoñecemento das vítimas e sobreviventes como titulares de dereitos, que ocupan un lugar central no marco do plan, de tal maneira que todas as accións que se desenvolvan deben ter como obxectivo dar resposta ás súas necesidades e demandas, tanto as relacionadas coa protección e asistencia integral como as dirixidas á prevención e á persecución do delito.
2. **Perspectiva de xénero.** O deseño, aplicación e avaliación de todas as actuacións que se desenvolvan no marco do presente plan integrarán o enfoque de xénero, tanto para facer visibles as relacións de poder e desigualdade entre mulleres e homes e o rexeitamento das violencias machistas, como para orientar unha intervención dirixida a promover a autonomía e o empoderamento das mulleres, respectando as súas decisións e promovendo a súa independencia, especialmente a económica.
3. **Interseccionalidade.** Adoptar a perspectiva da interseccionalidade supón recoñecer que a discriminación por razón de xénero está unida a outros factores de desigualdade que afectan ás mulleres, como a orixe étnica-cultural, a procedencia xeográfica, a raza, a relixión ou as crenzas, a idade, a clase social, a presenza de discapacidade, a orientación sexual e a identidade e expresión de xénero, entre outras. Asumir este enfoque supón comprender estes elementos como “un todo” imbricado e interrelacionado que vai conformando un contexto persoal e social singular, caracterizado por unha discriminación multidimensional. Trátase dun principio orientador clave, de aplicación tanto no deseño de actuacións do plan como na intervención, principalmente porque a realidade da trata e da prostitución non poden entenderse dissociadas do fenómeno migratorio e das súas principais causas: as situacións de pobreza e a falta de oportunidades.

4. **Intervención integral e coordinada.** O plan ten por obxecto articular intervencións integrais ante a realidade da trata, tanto desde a perspectiva asistencial, como desde a óptica preventiva e de loita coordinada contra o delito. Así, as distintas actuacións foron deseñadas para seren aplicadas en colaboración e coordinación cos diferentes axentes implicados: as entidades especializadas que traballan neste ámbito, cun papel central no deseño das políticas e na intervención coas vítimas; operadores xurídicos; Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, así como outras administracións, institucións e organizacións da sociedade civil coas que establecer canles de colaboración e espazos permanentes para a comunicación e coordinación.
5. **Primacía do interese superior da persoa menor de idade.** A consideración deste principio supón antepoñer o interese da persoa menor de idade ante calquera outro que oriente as actuacións públicas ou privadas, por lexítimo que sexa ese interese. A especial vulnerabilidade das nenas fronte á trata sexual require da adopción de medidas de apoio e protección específicas, a partir da consideración da súa idade e grao de madurez e respectando os seus dereitos individuais e colectivos como persoas menores de idade. As actuacións deberán enfocarse principalmente á súa recuperación física e psicosocial e ter un carácter eminentemente educativo e socializador.
6. **Aliñamento cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030.** En 2015, todos os Estados Membros das Nacións Unidas aprobaron 17 Obxectivos como parte da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) constitúen un chamamento universal á acción para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo.



O Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual alíñase coas metas do Obxectivo 5 da Axenda 2030: “lograr a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e as nenas”, e, de maneira específica, coa meta 5.2: “eliminar todas as formas de violencia contra todas as mulleres e as nenas nos ámbitos público e privado, incluídas a trata e a explotación sexual e outros tipos de explotación”.

Alíñase tamén co Obxectivo 16, “Promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas”, nomeadamente coa meta 16.2: “Poñer fin aos malos tratos, a explotación, a trata e todas as formas de violencia e tortura contra a infancia”.

Ademais, o plan integra como criterio de acción contribuír a outros obxectivos e metas da Axenda 2030. Tendo en conta que a trata de persoas e todas as formas de explotación sexual non poden dissociarse da desigualdade e da pobreza, obxectivos de desenvolvemento sustentable como o ODS 1 -Fin da pobreza-, o ODS 2 -Fame Cero-, ODS 3 -Saúde e benestar-, o ODS 4 -Educación de Calidade-, ODS 8 -Traballo decente e crecemento económico- e o ODS 10 -Redución das desigualdades-, impregnan tamén o contido do presente plan.

6. ESTRUCTURA DO PLAN

O Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 presenta a seguinte estrutura, conformada por tres elementos, cuxo esquema e definición se sinalan a continuación.




Ilustración 1: esquema dos elementos estruturais do plan

- As áreas estratéxicas representan os ámbitos prioritarios de actuación para os vindeiros anos. Asociado a cada unha das áreas, o obxectivo estratéxico define a meta ou obxectivo xeral pretendido e, polo tanto, coincide coa estratexia de acción global e estrutural que se busca impulsar.
- Os obxectivos operativos constitúen as metas concretas que permitirán a consecución do obxectivo estratéxico de cada unha das áreas.
- No último nivel sitúanse as medidas, as cales definen e encadran as actuacións concretas que executarán os distintos axentes no marco de desenvolvemento deste plan, para acadar cadanseu obxectivo operativo.

As áreas estratéxicas do plan son as seguintes:




Ilustración 2: áreas estratéxicas do Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024

**CADRO RESUMO 1: ÁREAS ESTRATÉXICAS E OBXECTIVOS DO PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE
SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL 2022-2024**

ÁREA ESTRATÉXICA 1. PREVENCIÓN, EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Promover un contexto social de rexeitamento da trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación, incidindo nas condicións que favorecen esta realidade.	1.1 Visibilizar a realidade da trata con fins de explotación sexual e concienciar a cidadanía en torno ao consumo de prostitución e outras formas de explotación sexual.
	1.2 Contribuír a un modelo educativo en valores de igualdade contrario á normalización social do consumo de prostitución e doutras formas de explotación sexual.
ÁREA ESTRATÉXICA 2. REFORZO DOS PROCESOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN, IDENTIFICACIÓN E PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Contribuír á mellora da prevención e detección das situacións de trata con fins de explotación sexual e dos procesos de identificación e protección das vítimas.	2.1 Reforzar os mecanismos de prevención, detección, identificación e protección.
	2.2 Mellorar a capacitación profesional dos distintos axentes para un adecuado desenvolvemento dos procesos de detección e identificación.
ÁREA ESTRATÉXICA 3: FORTALECEMENTO DOS RECURSOS DE ATENCIÓN INTEGRAL	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Proporcionar unha atención integral que faga posible a plena inclusión social das vítimas.	3.1 Consolidar e mellorar os recursos especializados para a atención integral ás vítimas.
	3.2 Fortalecer os recursos de apoio que permitan a inserción social e laboral das vítimas.
	3.3 Facilitar formación na materia ás e aos profesionais implicados na intervención.

ÁREA ESTRATÉXICA 4. INVESTIGACIÓN E MELLORA DO COÑECEMENTO PARA A INTERVENCIÓN
OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Incrementar o coñecemento sobre a trata e outras formas de explotación sexual para o deseño de actuacións adaptadas á evolución desta realidade.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

4.1 Impulsar o estudo e a investigación sobre a trata e a actualización da información.

4.2 Identificar boas prácticas en materia de abordaxe da trata desde os distintos ámbitos e fomentar o seu intercambio e difusión.

ÁREA ESTRATÉXICA 5. MELLORA DA COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL
OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Favorecer unha acción coordinada contra a trata con fins de explotación sexual desde a colaboración entre institucións.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

5.1 Intensificar a actuación coordinada e a colaboración con outras administracións na loita contra a trata e contribuír á súa erradicación.

5.2 Promover vías permanentes de colaboración e participación dos distintos axentes implicados e da sociedade civil para a mellora da intervención.

O Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 intégrano cinco áreas estratéxicas, 11 obxectivos operativos e un total de 59 medidas.

**CADRO RESUMO 2: CÓMPUTO DE OBXECTIVOS OPERATIVOS E MEDIDAS SEGUNDO AS ÁREAS
ESTRATÉXICAS DO PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE
EXPLOTACIÓN SEXUAL 2022-2024**

ÁREA ESTRATÉXICA	OBXECTIVOS OPERATIVOS	Nº DE MEDIDAS
ÁREA ESTRATÉXICA 1. PREVENCIÓN, EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL	1.1 Visibilizar a realidade da trata con fins de explotación sexual e concienciar a cidadanía en torno ao consumo de prostitución e outras formas de explotación sexual.	6
	1.2 Contribuír a un modelo educativo en valores de igualdade contrario á normalización social do consumo de prostitución e doutras formas de explotación sexual.	6
ÁREA ESTRATÉXICA 2. REFORZO DOS PROCESOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN, IDENTIFICACIÓN E PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS	2.1 Reforzar os mecanismos de prevención, detección, identificación e protección.	5
	2.2 Mellorar a capacitación profesional dos distintos axentes para un adecuado desenvolvemento dos procesos de detección e identificación.	7
ÁREA ESTRATÉXICA 3: FORTALECEMENTO DOS RECURSOS DE ATENCIÓN INTEGRAL	3.1 Consolidar e mellorar os recursos especializados para a atención integral ás vítimas.	11
	3.2 Fortalecer os recursos de apoio que permitan a inserción social e laboral das vítimas.	9
	3.3 Facilitar formación na materia ás e aos profesionais implicados na intervención.	6
ÁREA ESTRATÉXICA 4. INVESTIGACIÓN E MELLORA DO COÑECEMENTO PARA A INTERVENCIÓN	4.1 Impulsar o estudo e a investigación sobre a trata e a actualización da información.	2
	4.2 Identificar boas prácticas en materia de abordaxe da trata desde os distintos ámbitos e fomentar o seu intercambio e difusión.	2

PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE
EXPLOTACIÓN SEXUAL 2022-2024

ÁREA ESTRATÉGICA	OBXECTIVOS OPERATIVOS	Nº DE MEDIDAS
ÁREA ESTRATÉGICA 5. MELLORA DA COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL	5.1 Intensificar a actuación coordinada e a colaboración con outras administracións na loita contra a trata e contribuír á súa erradicación.	3
	5.2 Promover vías permanentes de colaboración e participación dos distintos axentes implicados e da sociedade civil para a mellora da intervención.	2
TOTAL OBXECTIVOS OPERATIVOS		11
TOTAL MEDIDAS		59

7. PROGRAMA DE MEDIDAS

7.1 ÁREA ESTRATÉGICA 1. PREVENCIÓN, EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

Os obxectivos e as medidas desta primeira área estratéxica teñen por finalidade promover un contexto social que rexeite a trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación, incidindo nas condicións que favorecen esta realidade.

Previr a trata con fins de explotación sexual pasa necesariamente pola promoción dun cambio cultural, para que toda a sociedade censure, de forma contundente, calquera violación dos dereitos humanos e todas as manifestacións da desigualdade e da violencia exercida contra as mulleres e as nenas.

É moi importante, polo tanto, consolidar unha cultura favorable á igualdade de mulleres e homes en todos os eidos que deslexitime o heteropatriarcado e todos os imaxinarios sexistas que este leva asociado.

Como se indicou en páxinas anteriores, a prostitución coercitiva, a explotación sexual e a trata de persoas para este fin son realidades indisociables, polo que o primeiro obxectivo operativo desta área é contribuír a visibilizar esta realidade e concienciar a cidadanía en torno as distintas formas de explotación sexual.

Para iso, entre outras medidas, desenvolveranse accións de concienciación e campañas específicas que visibilicen os vínculos existentes entre o negocio da prostitución e a trata con fins de explotación sexual.

Cómpre desincentivar a demanda; poñer negro sobre branco en torno ao que implica a compra do corpo de mulleres e nenas con fins sexuais. Para iso, impulsaranse accións orientadas á eliminación da publicidade relacionada coa prostitución e co comercio sexual de calquera medio informativo e desenvolveranse actuacións de sensibilización e formación sobre o fenómeno da trata dirixidas a profesionais do ámbito da comunicación.

Por outro lado, procurarase unha implicación das entidades locais na prevención, a través de medidas para a eliminación de publicidade asociada á prostitución de calquera soporte publicitario e que desincentiven a demanda, así como o establecemento de negocios con actividades asociadas ao comercio sexual.

Como segundo obxectivo operativo traballarase en prol dun modelo educativo sustentado en valores de igualdade e contrario á normalización do consumo de prostitución e doutras formas de explotación sexual.

Desde a perspectiva da defensa dos valores democráticos, os dereitos humanos e a igualdade entre mulleres e homes, non ten cabida a complicidade social fronte a situacións que supoñen claras manifestacións da violencia de xénero. Por iso, é esencial traballar en todas as etapas educativas a educación afectivo-sexual, entre outras cousas, para desbotar estereotipos e roles sexistas que perpetúan a desigualdade entre mulleres e homes.

É fundamental, ademais, incorporar ás accións de sensibilización que se dirixan á adolescencia e á mocidade un enfoque dinámico e adaptado ás cambiantes realidades. O consumo sexual atopa cada vez máis espazo na Internet. Desde contidos publicitarios cada vez máis invasivos a través de ventás emerxentes, ata aplicacións específicas, páxinas, foros etc.

Ademais, o crecente consumo de pornografía entre as persoas máis novas e a idades cada vez máis temperás, non fai máis que reproducir e intensificar un imaxinario sexual masculino discriminatorio no que se cousifica o corpo das mulleres e alimentan a violencia de xénero en todas as súas formas.

Convén desenvolver actuacións de distinta índole dirixidas ao alumnado, adaptadas ás distintas idades e ás novas realidades, pero sen esquecer a importancia da formación do profesorado na materia, a través da inclusión de contidos específicos sobre a trata, a prostitución e outras formas de explotación sexual, nun marco de prevención estratéxica da violencia sexual en todas as súas manifestacións.

ÁREA ESTRATÉGICA 1. PREVENCIÓN, EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

Obxectivo estratéxico: promover un contexto social de rexeitamento da trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación, incidindo nas condicións que favorecen esta realidade.

OBXECTIVO OPERATIVO 1.1 VISIBILIZAR A REALIDADE DA TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E CONCIENCIAR A CIDADANÍA EN TORNO AO CONSUMO DE PROSTITUCIÓN E OUTRAS FORMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

Medida 1.1.1 Desenvolvemento de accións de concienciación, dirixidas ao conxunto da cidadanía, que visibilicen os vínculos entre a trata e a prostitución, así como campañas e outras actividades destinadas a desincentivar a demanda de prostitución.

Medida 1.1.2 Apoio á realización de accións de prevención e sensibilización sobre a trata con fins de explotación sexual e a prostitución por parte das administracións locais.

Medida 1.1.3 Actualización permanente dos contidos sobre a trata e a prostitución na web institucional da Secretaría Xeral da Igualdade.

Medida 1.1.4 Difusión da Guía para a cidadanía sobre a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Medida 1.1.5 Realización de accións de sensibilización e formación sobre o fenómeno da trata dirixidas a profesionais dos medios de comunicación, grupos de comunicación, etc.

Medida 1.1.6 Impulso de accións orientadas á eliminación da publicidade relacionada coa prostitución e co comercio sexual de calquera medio informativo e soportes publicitarios no marco do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero.

**OBXECTIVO OPERATIVO 1.2 CONTRIBUÍR A UN MODELO EDUCATIVO EN VALORES DE IGUALDADE
CONTRARIO Á NORMALIZACIÓN SOCIAL DO CONSUMO DE PROSTITUCIÓN E DOUTRAS FORMAS DE
EXPLOTACIÓN SEXUAL**

Medida 1.2.1 Difusión de accións para a sensibilización relacionadas coa trata, a explotación sexual e o consumo de prostitución ao conxunto da comunidade educativa a través de distintas canles (Portal da Igualdade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade etc.).

Medida 1.2.2 Fomento de actuacións para a incorporación da educación afectivo-sexual e a prevención das violencias de xénero como contido curricular en todas as etapas educativas.

Medida 1.2.3 Creación dun grupo de traballo para a elaboración de materiais e orientacións para a abordaxe integral da educación sexual e a prevención e erradicación de todas as manifestacións de violencia sexual nas distintas etapas educativas.

Medida 1.2.4 Desenvolvemento de accións de sensibilización sobre a trata e a prostitución dirixidas á adolescencia e á mocidade desde un enfoque que teña en conta a realidade cambiante e as novas formas de consumo e explotación sexual.

Medida 1.2.5 Inclusión de contidos específicos sobre trata, prostitución e outras formas de explotación sexual nas accións formativas en materia de igualdade de xénero dirixidas ao persoal docente.

Medida 1.2.6 Fomento da realización de accións de formación sobre a trata e outras formas de explotación sexual dirixidas ao alumnado do ámbito universitario.

7.2 ÁREA ESTRATÉXICA 2. REFORZO DOS PROCESOS DE DETECCIÓN, IDENTIFICACIÓN E PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS

Esta segunda área estratéxica aglutina obxectivos e medidas enfocadas a mellorar a prevención, a detección das situacións de trata con fins de explotación sexual e os procesos de identificación e protección das vítimas desta violencia.

No ámbito da prevención, impulsaranse mecanismos para evitar a captación de mulleres e nenas para seren explotadas sexualmente. Para iso, fomentárase a colaboración con institucións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan proxectos sociais con mulleres en países en vías de desenvolvemento, pois é esencial que dispoñan de información e orientación veraz sobre os riscos que entraña o proceso migratorio e os abusos dos que moitas mulleres son vítimas, aproveitándose da súa situación de vulnerabilidade.

Ademais, tendo en conta que a trata é un fenómeno que excede a transnacionalidade e que, polo tanto, pode ter lugar só no noso país, poñeranse en marcha actuacións dirixidas a mulleres e nenas que, por distintas circunstancias e en contextos de vulnerabilidade, presentan gran susceptibilidade de ser vítimas de trata e/ou explotación sexual.

Co fin de garantir unha protección eficaz das vítimas, resulta crucial mellorar a detección das situacións de trata por parte dos distintos axentes implicados. Enténdese por detección o proceso que comeza co recoñecemento de sinais que suxiren unha posible situación de trata. Un amplo abano de profesionais pode verse implicado na detección, no exercicio das súas funcións: profesionais sanitarios, persoal de servizos sociais, da Administración xeral, do ámbito xudicial, corpos policiais etc.

Este proceso resulta clave para unha adecuada derivación aos axentes responsables da identificación formal e ás institucións responsables de facilitar a asistencia integral ás vítimas.

A identificación das vítimas de trata corresponde unicamente ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, sen prexuízo da colaboración de profesionais de distintas administracións e das organizacións sen ánimo de lucro especializadas na asistencia ás vítimas durante todo o proceso.

Polo tanto, para contribuír a un óptimo desenvolvemento da intervención, é preciso establecer criterios compartidos por e para todos os axentes implicados, a través de guías, protocolos de actuación etc.

Tamén cómpre impulsar actuacións para facilitar que as propias mulleres se autoidentifiquen como vítimas de trata e facilitar o acompañamento en todo o proceso xudicial. En moitas ocasións, ocultan que están a ser vítimas desta grave vulneración dos seus dereitos máis básicos. Medo pola súa integridade física ou a da súa familia, desconfianza, vergonza e o sometemento a constantes coaccións, cando non a unha violencia extrema, dificultan o recoñecemento ou a verbalización da súa situación, de aí a importancia de saber detectar e identificar estas situacións.

Especial relevancia ten o desenvolvemento dos procesos de detección e identificación con nenas, nenos e adolescentes.

Como recolle o capítulo 4 deste documento, no que se inclúe unha aproximación diagnóstica á situación da trata con fins de explotación sexual, segundo o último informe das Nacións Unidas sobre a trata de seres humanos (2020), conséntase unha tendencia crecente na que as vítimas da trata con fins de explotación sexual son persoas menores de idade.

O delito de trata de seres humanos vese favorecido nas contornas máis vulnerables e, por definición, os nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA) atópanse nunha situación de potencial risco de ser vítimas de trata de seres humanos.

Esta situación esixe que se intensifiquen as medidas en xeral para os NNAMNA e adoptar medidas específicas que contemplan a situación adicional de especial vulnerabilidade na que se atopan, e que principalmente está causada pola **circunstancia de non contar con “acompañamento” adulto responsable, así como** polas experiencias traumáticas que poidan sufrir na súa infancia e/ou en tránsito.

Así mesmo, debe promoverse o cumprimento do Anexo ao Protocolo Marco de protección das vítimas de TSH; sobre actuacións para a detección e a atención, e asegurar a protección inmediata de persoas menores de idade vítimas de trata baixo criterios de mínima intervención, celeridade e especialización, desde o momento en que as autoridades competentes determinen que existen indicios razoables para crer que é vítima de trata de seres humanos, de cara a garantir a súa seguridade e atención.

Para o desenvolvemento destes procesos é fundamental, ademais, coñecer os indicadores que alertan dunha situación de trata de seres humanos, de aí a importancia da formación do persoal que traballa cos/as NNAMNA.

Noutra orde de cousas, hai que indicar que na comunidade autónoma de Galicia as Oficinas de asistencia ás vítimas do delito (OAVD) emprázanse nos Servizos Comúns de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima, dependentes dos Decanatos dos xulgados das sete grandes cidades.

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia dotou estas Oficinas de persoal especializado nunha atención integral ás vítimas de delitos. Inicialmente asignáronse a estes dispositivos profesionais da psicoloxía e, posteriormente, sumáronse a estes equipos a traballadoras e traballadores sociais. Neste contexto, seguírase fortalecendo a atención multidisciplinar coordinada e especializada ás vítimas de trata con fins de explotación sexual, que garanta unha adecuada avaliación das súas necesidades e especiais circunstancias.

O segundo obxectivo operativo desta área aglutina unha serie de medidas dirixidas á capacitación profesional dos distintos axentes centrada nos procesos de detección e identificación.

Como se vén de indicar a detección é clave na protección e posterior derivación para a recuperación integral das vítimas, polo que é importante a formación básica e especializada dos distintos axentes implicados na detección.

Todo o persoal da Xunta de Galicia susceptible de entrar en contacto coas posibles vítimas debe contar cunha formación básica sobre a trata de seres humanos.

Sen dúbida, distintas figuras profesionais do ámbito xudicial [X] profesionais da avogacía das quendas de oficio, profesionais ao servizo de órganos xudiciais e fiscais como especialistas en informes xudiciais, de medicina legal etc. [X] deben dispor dunha información especializada e dun coñecemento exhaustivo de indicadores axustados aos distintos contextos nos que poden atoparse as vítimas.

Igualmente, o persoal dos servizos de saúde, sanitario e non sanitario, debe dispor de formación adaptada para a detección destas situacións no contexto asistencial, con información sobre o procedemento a seguir, tendo en conta os factores xa mencionados no relativo á ocultación ou a non autoidentificación como vítimas deste delito.

ÁREA ESTRATÉGICA 2. REFORZO DOS PROCESOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN, IDENTIFICACIÓN E PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS

Obxectivo estratéxico: contribuír á mellora da prevención e detección das situacións de trata con fins de explotación sexual e dos procesos de identificación e protección das vítimas.

OBXECTIVO OPERATIVO 2.1 REFORZAR OS MECANISMOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN, IDENTIFICACIÓN E PROTECCIÓN

Medida 2.1.1 Fomento da colaboración con institucións e entidades do terceiro sector que desenvolvan proxectos sociais con mulleres de países en vías de desenvolvemento, para informalas e orientalas sobre os riscos nos procesos migratorios e as situacións de trata e explotación sexual.

Medida 2.1.2 Posta en marcha de actuacións dirixidas a mulleres e nenas que presentan gran susceptibilidade de ser vítimas de trata con fins de explotación sexual, coa finalidade de previr e evitar a súa captación.

Medida 2.1.3 Impulso de actuacións coordinadas e elaboración de instrumentos para a unificación de criterios na detección e identificación das situacións de trata por parte dos axentes implicados (guías, protocolos, etc), coa finalidade de axilizar os procesos e garantir unha protección eficaz ás vítimas en todos os ámbitos (sanitario, social, policial, xudicial, etc).

Medida 2.1.4 Fortalecemento dos servizos de atención multidisciplinar das Oficinas de Atención ás Vítimas do Delito para garantir a asistencia e unha adecuada avaliación das necesidades especiais de protección das vítimas.

Medida 2.1.5 Desenvolvemento de actuacións para facilitar que as mulleres tomen conciencia e se autoidentifiquen como vítimas de trata e apoiar a interposición de denuncia, así como, no seu caso, o seu acompañamento durante o correspondente proceso xudicial.

OBXECTIVO OPERATIVO 2.2 MELLORAR A CAPACITACIÓN PROFESIONAL DOS DISTINTOS AXENTES PARA UN ADECUADO DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE DETECCIÓN E IDENTIFICACIÓN

Medida 2.2.1 Desenvolvemento dunha oferta formativa para a mellora da atención ás vítimas de trata de seres humanos dirixida ao persoal da Administración da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais, Administración Local en Galicia e Universidades do sistema universitario de Galicia, susceptible de entrar en contacto coas posibles vítimas.

Medida 2.2.2 Fomento da colaboración para o desenvolvemento de accións de formación sobre a trata con fins de explotación sexual, dirixidas aos profesionais das quendas de oficio, nomeadamente a profesionais da quenda de oficio de violencia de xénero, co fin de garantir a especialización na asistencia xurídica e defensa en xuízo das vítimas.

Medida 2.2.3 Oferta de formación especializada dirixida a profesionais de servizos específicos que interveñen ao servizo dos órganos xudiciais e fiscais nos procesos de identificación de situacións de trata con fins de explotación sexual (especialistas en informes xudiciais, profesionais do ámbito da medicina legal, etc.).

Medida 2.2.4 Realización de accións formativas e elaboración de materiais para profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde en materia de detección e identificación das persoas vítimas de trata de seres humanos (profesionais da atención primaria e hospitalaria).

Medida 2.2.5 Realización de accións formativas dirixidas ao persoal non sanitario do Servizo Galego de Saúde en materia de detección e identificación das persoas vítimas de trata de seres humanos (persoal administrativo hospitalario, PSX, etc.).

Medida 2.2.6 Inclusión de contidos específicos sobre a trata de seres humanos con fins de explotación sexual como materia troncal ou de especialización na programación formativa das academias das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Medida 2.2.7 Elaboración dunha guía para profesionais sobre dereitos e servizos especializados para a atención ás vítimas de trata.

7.3 ÁREA ESTRATÉGICA 3. FORTALECIMENTO DOS RECURSOS DE ATENCIÓN INTEGRAL

Co fin de garantir unha asistencia integral e contribuír á plena inclusión social das superviventes da trata con fins de explotación sexual, esta terceira área estratéxica reúne un compendio de medidas articuladas en tres obxectivos operativos, destinados ao reforzamento dos recursos de atención e reparación do dano, a facilitar procesos de inserción sociolaboral e á mellora da cualificación das e dos profesionais que interveñen directamente en procesos de atención.

Así, o presente plan pretende fortalecer a atención facilitada a través dos diferentes dispositivos de asistencia a todas as vítimas de trata con fins de explotación sexual: servizos de acollemento de emerxencia e recursos de atención integral, desde o acompañamento, ata o apoio terapéutico, socioeducativo, sociolaboral etc.

Ademais, reforzarase a información ás vítimas a través de materiais informativos e en varios idiomas, así como os servizos de tradución e interpretación, pois é esencial garantirilles información comprensible sobre os seus dereitos, así como a asistencia dunha persoa intérprete no procedemento xudicial.

Especial transcendencia ten a asistencia integral a nenas e nenos vítimas de trata con fins de explotación sexual, sempre baixo o principio de prevalencia do interese superior da persoa menor de idade que debe operar en todo momento.

No caso da intervención con nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA) debe desenvolverse o Modelo compartido de atención integral á infancia e á adolescencia migrante non acompañada, un modelo que debe adaptarse ás especificidades destas persoas menores de idade e protexer os dereitos que as amparan, polo que é necesario dirixir a intervención a lograr melloras na súa calidade de vida e o seu benestar, respectando a súa dignidade e contando coa súa participación efectiva.

Por outro lado, desde o sistema sanitario mellorarase a detección de nenos, nenas e adolescentes en situación de risco de trata de seres humanos para incluílas no marco da vía rápida de atención a persoas menores de idade vítimas de violencia.

En Galicia, a atención especializada que se ofrece ás persoas menores de idade - terapéutica, legal, académica, lingüística e/ou sociocultural que precise- ten lugar desde unha contorna o máis normalizadora e integradora posible. Así, a Administración autonómica parte do principio de normalización e considera que a protección efectiva das persoas menores de idade vítimas de trata ou migrantes non

acompañadas non pasa polo acollemento residencial en todos os casos, senón pola aplicación de medidas de protección adaptadas ás necesidades de cada unha das nenas, nenos ou adolescentes, a través de recursos normalizados para quen recibe atención no sistema de protección de menores galego. Priorízase, pois, o acollemento familiar e, na súa falta, o residencial.

Doutra banda, favorecerase a reunificación familiar de todas as persoas vítimas de trata; no caso de persoas menores de idade, coa preceptiva avaliación de todas as condicións persoais, familiares e socioeducativa da nena ou neno, co fin de velar pola reintegración satisfactoria e previr calquera risco de revitimización.

O segundo obxectivo operativo desta área aglutina toda unha serie de medidas dirixidas a facilitar os apoios necesarios para favorecer o empoderamento persoal e a plena inserción das persoas sobreviventes.

Apoio á incorporación no mercado laboral a través de distintos programas de inserción, incentivos á contratación e fomento do autoemprego son algunhas das medidas dirixidas a contribuír á autonomía económica das mulleres que saen das situacións de trata e explotación sexual.

Ademais, seguirán a garantirse dereitos e apoios directos ás vítimas de trata con fins de explotación sexual na súa condición de mulleres vítimas de violencia de xénero, como axudas de acceso á vivenda, beneficios fiscais ou axudas económicas directas.

Se no proceso de detección e identificación das situacións de trata a capacitación das persoas profesionais é un elemento clave, non o é menos no contexto da intervención. Desde o Servizo Galego de Saúde contribuirase á formación específica dos e das profesionais sanitarios, para una adecuada atención das sobreviventes, desde a perspectiva da interculturalidade.

O persoal doutros servizos especializados da Administración autonómica, así como as persoas profesionais das organizacións sen ánimo de lucro que traballan na atención ás vítimas de trata, poderán tamén formarse e actualizar os seus coñecementos para a mellora da protección, o acompañamento e a recuperación das vítimas.

ÁREA ESTRATÉGICA 3: FORTALECIMENTO DOS RECURSOS DE ATENCIÓN INTEGRAL

Obxectivo estratéxico: proporcionar unha atención integral que faga posible a plena inclusión social das vítimas.

OBXECTIVO OPERATIVO 3.1 CONSOLIDAR E MELLORAR OS RECURSOS ESPECIALIZADOS PARA A ATENCIÓN INTEGRAL ÁS VÍTIMAS

Medida 3.1.1 Mantemento dos servizos de acollemento de emerxencia e atención integral ás vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Medida 3.1.2 Fortalecemento dos recursos de acompañamento, apoio terapéutico, socioeducativo e sociolaboral, para garantir a protección e atención integral ás vítimas de trata, en especial ás de maior vulnerabilidade (menores de idade, vítimas con discapacidade, con fillas e fillos menores de idade, etc).

Medida 3.1.3 Elaboración dunha proposta de criterios de intervención para a atención integral ás vítimas a partir da identificación de boas prácticas.

Medida 3.1.4 Fortalecemento da atención á saúde mental das mulleres vítimas de trata, a través de programas sociosanitarios innovadores, que contribúan á reparación do dano e ao benestar psicosocial das vítimas.

Medida 3.1.5 Mellora da detección de persoas menores de idade en situación de risco por parte do sistema sanitario e inclusión delas no marco da vía rápida de atención a persoas menores de idade vítimas de violencia.

Medida 3.1.6 Mellora da protección das e dos menores vítimas de trata con fins de explotación sexual a través da prestación de servizos integrais: acollemento familiar e residencial, atención psicosocial e psiquiátrica, apoio xurídico, etc. e seguimento e avaliación da efectividade das medidas aplicadas.

Medida 3.1.7 Apoio ás persoas menores de idade vítimas de trata no proceso de reunificación familiar (avaliación das condicións da ou do menor, a determinación do paradiro de proxenitores ou familiares próximos e a avaliación da súa capacidade para o coidado, o traslado ao país etc.).

(CONTIN.) OBXECTIVO OPERATIVO 3.1 CONSOLIDAR E MELLORAR OS RECURSOS ESPECIALIZADOS PARA A ATENCIÓN INTEGRAL ÁS VÍTIMAS

Medida 3.1.8 Incorporación da intervención especializada con vítimas menores de idade nas convocatorias de subvencións e contratos con entidades de atención e protección das vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Medida 3.1.9 Elaboración de materiais informativos accesibles e en varios idiomas sobre dereitos e servizos especializados de atención ás vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Medida 3.1.10 Reforzamento dos servizos de tradución e interpretación.

Medida 3.1.11 Apoio aos procesos de reagrupación familiar e retorno voluntario ao país de orixe.

OBXECTIVO OPERATIVO 3.2 FORTALECER OS RECURSOS DE APOIO QUE PERMITAN A INSERCIÓN SOCIAL E LABORAL DAS VÍTIMAS

Medida 3.2.1 Axilización das axudas económicas para as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual que cooperan coas autoridades na investigación do delito.

Medida 3.2.2 Impulso de actuacións para reducir a burocratización e procurar a unificación da normativa relacionada coa prestación de axudas.

Medida 3.2.3 Fortalecemento das políticas activas de emprego, a través de incentivos á contratación, apoios á economía social e o fomento do autoemprego como opción laboral para as mulleres vítimas.

Medida 3.2.4 Reforzamento do Programa de inserción sociolaboral para mulleres en situación de violencia de xénero, incluídas as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Medida 3.2.5 Impulso ao desenvolvemento de programas de benestar integral e participación das vítimas de trata en actividades de lecer, culturais e deportivas.

Medida 3.2.6 Continuidade dos apoios profesionais dirixidos a facilitar a inserción social e laboral das vítimas de trata con fins de explotación sexual.

(CONTIN.) OBXECTIVO OPERATIVO 3.2 FORTALECER OS RECURSOS DE APOIO QUE PERMITAN A INSERCIÓN SOCIAL E LABORAL DAS VÍTIMAS

Medida 3.2.7 Garantía de acceso a unha axuda pública para o pagamento do alugueiro para as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual na súa condición de vítimas de violencia de xénero.

Medida 3.2.8 Acceso á vivenda protexida de promoción pública ás vítimas de trata con fins de explotación sexual na súa condición de vítimas de violencia de xénero.

Medida 3.2.9 Mantemento de beneficios fiscais para a adquisición de vivenda habitual ás vítimas de trata con fins de explotación sexual na súa condición de vítimas de violencia de xénero.

OBXECTIVO OPERATIVO 3.3 FACILITAR FORMACIÓN NA MATERIA ÁS E AOS PROFESIONAIS IMPLICADOS NA INTERVENCIÓN

Medida 3.3.1 Desenvolvemento de programas formativos específicos, dirixidos a profesionais do ámbito sanitario, nomeadamente de servizos de psiquiatría e xinecoloxía, para a mellora da atención ás vítimas de trata desde a perspectiva da interculturalidade.

Medida 3.3.2 Realización de actividades formativas en materia de saúde mental e xénero, dirixidas a profesionais de atención primaria e psiquiatría, así como ás e aos profesionais vinculados ao programas sociocomunitarios de atención a persoas con trastornos mentais e adiccións.

Medida 3.3.3 Actualización permanente da formación dos e das profesionais dos servizos de atención integral ás vítimas de trata con fins de explotación sexual (apoio psicolóxico, inserción socioeducativa e laboral etc.).

Medida 3.3.4 Impulso de actividades formativas dirixidas ao persoal dos servizos de protección de menores e outras persoas profesionais de entidades e institucións para a mellora da atención e a protección efectiva das vítimas de trata menores de idade. (cursos, xornadas seminarios etc.).

Medida 3.3.5 Organización de accións formativas dirixidas aos e ás profesionais das entidades de iniciativa social especializadas na atención ás vítimas de trata.

Medida 3.3.6 Desenvolvemento de accións formativas en igualdade de xénero dirixidas ás e aos profesionais intérpretes.

7.4 ÁREA ESTRATÉXICA 4. INVESTIGACIÓN E MELLORA DO COÑECEMENTO PARA A INTERVENCIÓN

Aínda que nos últimos anos as distintas administracións están a realizar un significativo esforzo na recompilación de datos para a elaboración de estatísticas relacionadas coa trata de seres humanos, entre outros fins, para a explotación sexual (Ministerio do Interior, Fiscalía, organismos europeos e internacionais etc.), as distintas realidades asociadas á prostitución e ao comercio sexual son aínda ámbitos opacos, relacionados frecuentemente con outro tipo de actividades delictuosas -trata de persoas para outros fins, tráfico de drogas etc.- que dificultan o coñecemento das dimensións e características destes fenómenos sociais.

A anterior Estratexia Europea para a erradicación da trata de seres humanos 2012-2016, apostaba xa pola importancia do coñecemento desta realidade. Conscientes de que as tendencias, os modelos e os métodos de traballo das persoas traficantes están alterando as formas de trata de seres humanos, para adaptarse ás pautas cambiantes da oferta e da demanda, é necesario dispoñer de información actualizada que permita comprender rapidamente as tendencias e garantir unha resposta eficaz.

Para iso, a Comisión Europea puxo en marcha un sistema a escala da Unión Europea que permitise recoller datos desagregados por sexo e idade, e traballou cos distintos estados para garantir que se recolliesen datos comparables e fiables.

Nesta liña de traballo, cómpre impulsar desde o ámbito autonómico accións destinadas a un mellor coñecemento da trata sexual e outras formas de explotación sexual, pois só a partir de información actualizada é rigorosa é posible deseñar accións estratéxicas de loita contra estas situacións.

Así, en primeiro lugar, no marco desta área estratéxica, mellorarase a recollida de datos fiables e impulsaranse estudos sobre a magnitude da trata e a prostitución no contexto galego.

E coa finalidade de afondar nas causas, consecuencias e noutros factores que rodean a trata sexual e os abusos en contextos de prostitución, promoverase a colaboración para a realización de investigacións máis específicas na materia por parte de entidades e institucións. O deseño de políticas públicas axeitadas, tanto en materia de prevención como de asistencia integral ás vítimas require da actualización permanente de información sobre a evolución destas realidades, por iso, é importante apoiar a realización de estudos, por exemplo, sobre o perfil dos consumidores de

prostitución, a actividade proxeneta ou as necesidades e demandas das vítimas, entre outras posibles dimensións.

Como segundo obxectivo operativo o plan aposta pola identificación de boas prácticas en materia de abordaxe da trata sexual e fomentar o seu intercambio e difusión desde os distintos ámbitos e en todas as fases. O intercambio de información e o coñecemento de boas prácticas en materia de detección, identificación, protección e asistencia ás vítimas pode contribuír a unha revisión dos procedementos desenvolvidos polas distintas persoas profesionais e a prestación dunha mellor atención.

Impulsarase para iso a colaboración con entidades especializadas neste ámbito e institucións e organizaranse actividades e espazos para a divulgación e a transferencia de coñecemento sobre a situación de trata e outras formas de explotación sexual desde os distintos ámbitos profesionais (sanitario, xurídico, servizos sociais etc.).

ÁREA ESTRATÉXICA 4. INVESTIGACIÓN E MELLORA DO COÑECEMENTO PARA A INTERVENCIÓN

Obxectivo estratéxico: incrementar o coñecemento sobre a trata e outras formas de explotación sexual para o deseño de actuacións adaptadas á evolución desta realidade.

OBXECTIVO OPERATIVO 4.1 IMPULSAR O ESTUDO E A INVESTIGACIÓN SOBRE A TRATA E A ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN

Medida 4.1.1 Recollida e actualización de datos, elaboración e difusión de estudos, análises e recompilacións de estatísticas sobre a magnitude da trata con fins de explotación sexual e a prostitución en Galicia.

Medida 4.1.2 Impulso da colaboración con institucións e entidades para a realización de investigacións específicas na materia (os danos derivados das situacións de explotación sexual e as necesidades e demandas das vítimas; a percepción da poboación sobre a prostitución; o perfil dos consumidores de prostitución; a actividade proxeneta; a evolución de rutas e destinos nos procesos de captación e traslado de mulleres; o consumo de pornografía e os efectos sobre a saúde afectiva e sexual da xuventude, etc).

OBXECTIVO OPERATIVO 4.2 IDENTIFICAR BOAS PRÁCTICAS EN MATERIA DE ABORDAXE DA TRATA DESDE OS DISTINTOS ÁMBITOS E FOMENTAR O SEU INTERCAMBIO E DIFUSIÓN

Medida 4.2.1 Impulso de actuacións, en colaboración con entidades e institucións, para a identificación de boas prácticas na materia, especialmente as dirixidas á redución da demanda de prostitución.

Medida 4.2.2 Organización de actividades e espazos para a divulgación e o intercambio de coñecementos na abordaxe das situacións de trata e outras formas de explotación sexual desde os distintos ámbitos profesionais: social, sanitario, xurídico etc. (seminarios, congresos, xornadas, etc).

7.5 ÁREA ESTRATÉGICA 5. MELLORA DA COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL

Esta última área do plan ten por finalidade o despregamento de medidas que favorezan a colaboración e a coordinación entre institucións na loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Para iso, traballarase en prol do establecemento de canles de colaboración e coordinación con outras administracións públicas, como a Administración central e outras comunidades autónomas, co fin de mellorar os mecanismos e os procesos de protección e asistencia. En moitos casos, por exemplo, é necesario trasladar á vítima a outra comunidade autónoma para garantir a súa seguridade e evitar o contacto coas persoas traficantes. Noutros casos, é necesaria a coordinación para un adecuado desenvolvemento de procedementos de investigación e axuízamento das causas xudiciais.

Ademais, fortaleceranse as canles de colaboración coas entidades locais para o desenvolvemento de medidas de loita contra a trata sexual, en especial para a súa prevención e detección destas situacións.

A comunidade autónoma de Galicia non exerce competencias en materia de persecución de delitos relacionados coa trata de persoas con fins de explotación sexual, xa que as ditas competencias están reservadas ao Corpo Nacional de Policía e a Garda Civil.

Non obstante, no exercicio das súas atribucións en materia laboral, colaborará no reforzo de inspeccións laborais e administrativas nos establecementos de exercicio da prostitución.

Cómpre promover tamén vías permanentes de colaboración e participación dos distintos axentes implicados na loita contra a trata, para a mellora de todos os procesos e para o deseño de políticas públicas adaptadas ás problemáticas e necesidades reais. Por iso, é imprescindible crear espazos que permitan a participación no deseño de actuacións de organizacións da sociedade civil, tanto de colectivos profesionais e das súas entidades representativas, como de entidades sociais que traballan en contextos de vulnerabilidade e exclusión. E, sen lugar a dúbidas, as organizacións do terceiro sector especializadas na atención ás vítimas de trata e a explotación sexual deben xogar un papel central na identificación das prioridades, a definición das medidas e no enfoque destas actuacións.

O Observatorio Galego da Violencia de Xénero, como órgano responsable do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia, ten atribuídas como funcións propias, entre outras, actuar como órgano de recollida, análise e difusión de información relativa á violencia de xénero; elaborar informes sobre a violencia de xénero en Galicia; impulsar a realización de investigacións e estudos específicos; propoñer medidas e accións de prevención da violencia de xénero e analizar a adecuación das medidas integrais que se desenvolvan.

A trata de seres humanos con fins de explotación sexual, como forma de violencia extrema, principalmente sobre mulleres e nenas, xustifica a creación dun Grupo específico de traballo no seo do dito Observatorio que aborde de xeito integral as políticas dirixidas a combater a trata e outras formas de explotación sexual en contextos de prostitución, e sitúe as persoas no centro das intervencións.

ÁREA ESTRATÉXICA 5. MELLORA DA COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL

Obxectivo estratéxico: favorecer unha acción coordinada contra a trata con fins de explotación sexual desde a colaboración entre institucións.

OBXECTIVO OPERATIVO 5.1 INTENSIFICAR A ACTUACIÓN COORDINADA E A COLABORACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS NA LOITA CONTRA A TRATA E CONTRIBUÍR Á SÚA ERRADICACIÓN

Medida 5.1.1 Establecemento de canles para a coordinación e a cooperación con outras administracións para mellorar a asistencia e protección das vítimas (facilitar a súa mobilidade no territorio, proporcionar unha adecuada asistencia xurídica etc.).

Medida 5.1.2 Reforzamento da colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a coordinación coas entidades locais no desenvolvemento de medidas de prevención, detección e atención ás vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Medida 5.1.3 Colaboración e participación da Administración autonómica no reforzo de inspeccións laborais e administrativas relacionadas coa licenza de actividade dos establecementos de exercicio da prostitución.

OBXECTIVO OPERATIVO 5.2 PROMOVER VÍAS PERMANENTES DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS AXENTES IMPLICADOS E DA SOCIEDADE CIVIL PARA A MELLORA DA INTERVENCIÓN

Medida 5.2.1 Creación de espazos para a participación de colexios profesionais (avogacía, psicoloxía, traballo e educación social, etc.) e entidades especializadas no deseño de actuacións para a abordaxe da trata con fins de explotación sexual.

Medida 5.2.2 Creación dun Grupo de traballo sobre a trata e outras formas de explotación sexual en contextos de prostitución no marco do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

8.1 Metodoloxía

A progresiva esixencia dunha maior rendición de contas por parte dos poderes públicos, xunto coa demanda de resultados tanxibles da acción governamental, están detrás, entre outros factores, dun crecente interese no ámbito da xestión pública polo seguimento da execución das políticas e a avaliación dos seus resultados.

A avaliación de resultados céntrase, polo tanto, en indagar o grao no que foron alcanzados os obxectivos previstos no programa ou política pública, vinculándoo a criterios de eficacia, é dicir, trata de medir os efectos do programa na poboación obxectivo, ao avaliar o progreso nos resultados ou obxectivos que o programa debe alcanzar.

Respondendo a esta dinámica, o Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 será obxecto de seguimento e avaliación nos seguintes termos:

En orde ás competencias atribuídas, a Secretaría Xeral da Igualdade será o órgano responsable de leva a cabo as tarefas de impulso, seguimento e avaliación do plan, en colaboración co resto de departamentos autonómicos e outros entes implicados na execución das actuacións incluídas no plan.

Co fin de favorecer a comunicación interna e facilitar o traballo conxunto e o necesario intercambio de información e boas prácticas entre os departamentos, crearase unha Comisión para o seguimento e avaliación do Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024. Esta comisión estará integrada polas persoas coordinadoras designadas por cada órgano da Xunta de Galicia implicado no plan, e terá as seguintes funcións: velar polo cumprimento das directrices que se establezan, canalizar a información desde o seu departamento ás diversas estruturas activas no plan e viceversa, e informar sobre as accións programadas e executadas anualmente neste ámbito.

Durante o período de vixencia, a Secretaría Xeral da Igualdade levará a cabo internamente as correspondentes tarefas de seguimento, a partir da información facilitada polos distintos centros directivos e organismos adscritos á Administración autonómica con carácter anual.

A avaliación final levarase a cabo ao remate da súa vixencia. Esta será realizada por persoal técnico externo especialista na avaliación de programas de intervención social, que elaborará un informe no que se analizará o grao de execución e a efectividade das medidas. Máis en concreto, o informe deberá conter:

- O grao de execución das actuacións previstas para cada ano, identificando cales se levaron a cabo, cales non e que actuacións foron iniciadas aínda non tendo finalizado.
- Os resultados das diferentes actuacións desde a perspectiva dos indicadores seleccionados para efectuar o seu seguimento.

No proceso de seguimento e avaliación do presente plan participarán tamén os órganos consultivos e de participación da Administración autonómica en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero, regulados a través do Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Estes órganos son:

- O Consello Galego das Mulleres.
- A Comisión Interdepartamental da Igualdade.
- O Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

8.2 Indicadores para o seguimento

A incorporación de indicadores á execución dun plan ou programa permite facer o seguimento do desenvolvemento das actuacións, así como dispoñer de información sobre os niveis de cumprimento dos obxectivos formulados e dos resultados esperados.

Os indicadores deben captar o efecto, a dimensión ou aspecto dos resultados do modo máis exacto e rigoroso posible. Algúns resultados son facilmente observables e medibles con indicadores relativamente simples -porcentaxes, valores absolutos, medias etc.- Outros resultados non son directamente medibles ou non captan todos os aspectos do resultado. Por iso, en ocasións é necesario empregar indicadores de tipo cualitativo, de cara á avaliación de resultados máis intanxibles, como poden ocorrer na avaliación dalgunhas das medidas que este plan recolle.

O sistema de indicadores que se propón, tanto para o seguimento como para a avaliación do plan, responde á seguinte tipoloxía:

- Indicadores de realización: miden de xeito directo a execución das medidas por parte dos departamentos responsables.
- Indicadores de resultado: proporcionan información sobre os efectos que as medidas levadas a cabo teñen sobre as persoas e sobre as institucións, entidades e colectivos implicados nos procesos, e servirán para valorar a consecución dos obxectivos definidos no plan.

A continuación ofrécese unha listaxe de indicadores de realización e de resultado segundo as áreas estratéxicas, que orientarán o seguimento continuado, que levarán a cabo os órganos e entes responsables das medidas que este plan recolle.

INDICADORES PARA O SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN DO PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL 2022-2024

ÁREA ESTRATÉXICA 1. PREVENCIÓN, EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

OBXECTIVO OPERATIVO 1.1 VISIBILIZAR A REALIDADE DA TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E CONCIENCIAR A CIDADANÍA EN TORNO AO CONSUMO DE PROSTITUCIÓN E OUTRAS FORMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

- N° e tipo de accións de sensibilización segundo a poboación destinataria.
- N° e tipo de accións de formación segundo o colectivo destinatario.
- N° de persoas participantes en accións formativas por sexo.
- N° e tipo de accións de apoio ás administracións locais para a prevención e sensibilización.
- Páxina web institucional da SXI actualizada no apartado específico sobre a trata e a prostitución.
- N° de actualizacións realizadas na web institucional da SXI.
- N° e tipo de materiais de información e sensibilización difundidos.
- N° e tipo de accións orientadas á eliminación de contidos publicitarios desenvolvidas.

OBXECTIVO OPERATIVO 1.2 CONTRIBUÍR A UN MODELO EDUCATIVO EN VALORES DE
IGUALDADE CONTRARIO Á NORMALIZACIÓN SOCIAL DO CONSUMO DE PROSTITUCIÓN E
DOUTRAS FORMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

- Nº e tipo de accións de sensibilización e información segundo o colectivo destinatario.
- Nº e tipo de contidos de educación afectivo-sexual e prevención da violencia de xénero incorporados aos currículos educativos segundo a etapa/nivel educativo.
- Grupos de traballo constituídos para a abordaxe integral da educación sexual e a prevención violencia sexual nas aulas.
- Nº e tipo de materiais elaborados para a prevención da violencia sexual.
- Nº de accións formativas do persoal docente con contidos específicos sobre a trata, a prostitución e a explotación sexual.
- Nº de persoas participantes en accións formativas por sexo.

ÁREA ESTRATÉXICA 2. REFORZO DOS PROCESOS DE PREVENCIÓN,
DETECCIÓN, IDENTIFICACIÓN E PROTECCIÓN DAS VÍTIMASOBXECTIVO OPERATIVO 2.1 REFORZAR OS MECANISMOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN,
IDENTIFICACIÓN E PROTECCIÓN

- Nº e tipo de accións de colaboración para informar sobre os riscos migratorios nos países de orixe.
- Entidades participantes en accións/proxectos de colaboración para a prevención da trata de seres humanos.
- Nº e tipo de accións dirixidas especificamente a persoas en risco para previr a captación.
- Nº de persoas destinatarias das accións de prevención por sexo e idade.
- Instrumentos de unificación de criterios elaborados para a detección e identificación das situacións de trata (guías, protocolos etc.).
- Nº e tipo de accións de reforzo das Oficinas de Atención ás Víctimas do Delito (ampliación de equipos etc.).

- N° de vítimas de trata con fins de explotación sexual atendidas nas Oficinas de Atención ás Vítimas do Delito por sexo e idade.
- N° e tipo de accións de acompañamento en procesos xudiciais.
- N° de vítimas de trata con fins de explotación sexual acompañadas en procesos xudiciais por sexo, idade e outras variables de interese (nacionalidade etc.).

OBXECTIVO OPERATIVO 2.2 MELLORAR A CAPACITACIÓN PROFESIONAL DOS DISTINTOS AXENTES PARA UN ADECUADO DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE DETECCIÓN E IDENTIFICACIÓN

- N° e tipo de accións formativas desenvolvidas.
- N° e tipo de accións de colaboración para a mellora da formación de profesionais do ámbito xudicial.
- N° de persoas participantes en accións formativas segundo o perfil profesional e o sexo.
- Contidos específicos sobre a trata de seres humanos con fins de explotación sexual introducidos na programación formativa das Academias das Forzas e Corpos de Seguridade.
- N° e tipo de materiais informativos para profesionais elaborados (guías etc.).
- N° e tipo de materiais informativos para profesionais difundidos (guías etc.).

ÁREA ESTRATÉGICA 3: FORTALECIMENTO DOS RECURSOS DE ATENCIÓN INTEGRAL

OBXECTIVO OPERATIVO 3.1 CONSOLIDAR E MELLORAR OS RECURSOS ESPECIALIZADOS PARA A ATENCIÓN INTEGRAL ÁS VÍTIMAS

- N° e tipo de servizos e outros recursos ampliados/reforzados (n° de prazas aumentadas, n° de novas contratacións de persoal etc.).
- N° de persoas atendidas por sexo, idade e outras variables de interese (nacionalidade etc.).
- Documento proposta de criterios de intervención para a atención integral ás vítimas elaborado.
- N° de persoas menores idade en situación de risco detectadas/identificadas nos servizos públicos.
- N° e tipo de accións para a mellora da intervención especializada con vítimas menores de idade.
- Procesos de reagrupación familiar impulsados.
- Procesos de retorno voluntario impulsados.
- N° e tipo de materiais informativos para ás vítimas elaborados.
- Idiomas dos materiais informativos.

OBXECTIVO OPERATIVO 3.2 FORTALECER OS RECURSOS DE APOIO QUE PERMITAN A INSERCIÓN SOCIAL E LABORAL DAS VÍTIMAS

- N° e tipo de accións para mellorar o acceso a axudas económicas ás vítimas.
- N° de mulleres beneficiarias de axudas económicas.
- N° de axudas concedidas sobre o n° de axudas solicitadas.
- N° e tipo de programas de fomento do emprego reforzados.
- N° de mulleres participantes en programas de inserción laboral por idade e distintas variables (nacionalidade etc.).
- N° de mulleres que superan itinerarios sociolaborais sobre n° de mulleres que os inician.
- N° de mulleres contratadas.
- N° e tipo de programas e actividades de benestar integral desenvolvidos.

- N° de persoas participantes en programas e actividades de benestar integral por sexo e idade.
- N° de mulleres beneficiarias de medidas facilitadoras de acceso á vivenda.
- N° de mulleres beneficiarias de axudas públicas de acceso á vivenda.
- N° de mulleres beneficiarias de beneficios fiscais no acceso á vivenda.

OBXECTIVO OPERATIVO 3.3 FACILITAR FORMACIÓN NA MATERIA ÁS E AOS PROFESIONAIS IMPLICADOS NA INTERVENCIÓN

- N° e tipo de accións formativas desenvolvidas.
- N° de persoas participantes en accións formativas segundo o perfil profesional e o sexo.

ÁREA ESTRATÉXICA 4. INVESTIGACIÓN E MELLORA DO COÑECEMENTO PARA A INTERVENCIÓN

OBXECTIVO OPERATIVO 4.1 IMPULSAR O ESTUDO E A INVESTIGACIÓN SOBRE A TRATA E A ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN

- N° e tipo de procesos de recollida de datos ampliados/mellorados sobre trata sexual e prostitución.
- Recompilacións de datos sobre a trata e outras formas de explotación sexual elaboradas.
- N° e tipo de colaboracións impulsadas con entidades e institucións para a investigación.
- Entidades e institucións colaboradoras.
- Estudos realizados segundo a temática.

OBXECTIVO OPERATIVO 4.2 IDENTIFICAR BOAS PRÁCTICAS EN MATERIA DE ABORDAXE DA TRATA DESDE OS DISTINTOS ÁMBITOS E FOMENTAR O SEU INTERCAMBIO E DIFUSIÓN

- N° e tipo de accións para a identificación de boas prácticas de abordaxe (reunións etc.).
- N° e tipo de boas prácticas recollidas por ámbito de intervención.
- Espazos e actividades organizadas para a divulgación e o intercambio de coñecemento.
- Entidades, institucións e colectivos profesionais participantes.
- N° de persoas participantes segundo o colectivo profesional e o sexo.

ÁREA ESTRATÉXICA 5. MELLORA DA COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL

OBXECTIVO OPERATIVO 5.1 INTENSIFICAR A ACTUACIÓN COORDINADA E A COLABORACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS NA LOITA CONTRA A TRATA E CONTRIBUÍR Á SÚA ERRADICACIÓN

- N° e tipo de accións de colaboración impulsadas con outras administracións.
- Acordos establecidos.
- N° de persoas derivadas a outras comunidades autónomas por sexo e idade.
- N° e tipo de intervencións en inspeccións laborais e administrativas en establecementos de exercicio da prostitución.
- N° de locais con licenza adecuada á actividade sobre o n° de locais revisados.

OBXECTIVO OPERATIVO 5.2 PROMOVER VÍAS PERMANENTES DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS AXENTES IMPLICADOS E DA SOCIEDADE CIVIL PARA A MELLORA DA INTERVENCIÓN

- N° e tipo de accións para a participación de colectivos profesionais e organizacións sociais no deseño de actuacións.
- Entidades participantes.
- Grupo de traballo sobre a trata e a prostitución creado no seo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

9. ANEXO 1: PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN

A elaboración do presente plan impulsouse desde o convencemento de que o emprego dunha metodoloxía participativa tiña aquí, se cabe con máis motivo que noutros instrumentos de planificación, especial interese e relevancia, ao tratarse dun plan moi enfocado á intervención coas persoas.

Así, a partir da conformación dun grupo de traballo no seo da Secretaría Xeral da Igualdade, o procedemento metodolóxico deseñado presentou un carácter claramente participativo, mediante o cal se quixo implicar no deseño de actuacións as organizacións especializadas na atención ás vítimas de trata con fins de explotación sexual e outros abusos en contextos de prostitución, entidades que se agrupan na Rede Galega contra a Trata Sexual. Este proceso serviu para recoller importantes achegas destas organizacións, en contacto diario coas vítimas e coñecedoras de primeira man desta realidade e das necesidades e dificultades existentes.

Deste xeito, nunha primeira fase, realizouse unha Mesa de traballo coas entidades integrantes da citada Rede, na que se presentou unha proposta de estrutura base elaborada internamente polo equipo responsable do deseño do plan. O debate, o contraste de ideas e a recollida das primeiras propostas nesta reunión fixeron posible desenvolver, a continuación, un proceso de intercambio de información coas organizacións participantes, o que permitiu perfilar un primeiro borrador de obxectivos e medidas.

En paralelo a este proceso, levouse a cabo unha recompilación de información entre os órganos directivos e entes da Administración autonómica sobre todas as actuacións en desenvolvemento -ou en previsión para os vindeiros anos- que tivesen relación co fenómeno da trata con fins de explotación sexual, ben sexa no eido da prevención (a través de accións de sensibilización, formación etc.), ben sexa no ámbito da intervención na problemática ou a través da atención e da asistencia ás vítimas.

Para iso, deseñouse unha ferramenta de recollida de datos, unha ficha de actuacións, destinada a recompilar toda a información descritiva e orzamentaria sobre as ditas accións.

Esta fase participativa complementouse cunha exhaustiva análise documental, que contribuíu a contextualizar o plan e perfilar o programa de medidas.

Unha vez confeccionada unha primeira versión do programa de medidas do plan, pasouse á unha seguinte fase, para que, tanto as entidades sociais integrantes da Rede Galega contra a Trata Sexual como os órganos e entes da Xunta de Galicia, puidesen achegar as súas alegacións ao borrador de medidas.

Estudadas as distintas alegacións recibidas e incorporados os cambios pertinentes e as novas achegas realizadas por diferentes departamentos autonómicos, redactouse a versión final e completa do plan que este documento recolle.

10. ANEXO 2: ORZAMENTO

ORZAMENTO DO PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE
EXPLORACIÓN SEXUAL 2022-2024 POR ÁREA E ANUALIDADE (PARTIDAS DE GASTO)

ÁREAS	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024	TOTAL
Área estratéxica 1. Prevenção, educación e sensibilización social	11.739,07	77.000,00	77.000,00	165.739,07
Área estratéxica 2. Reforzo dos procesos de prevenção, detección, identificación e protección das vítimas	91.279,66	224.430,00	202.980,00	518.689,66
Área estratéxica 3: Fortalecemento dos recursos de atención integral	1.731.718,89	2.510.499,44	2.110.777,89	6.352.996,22
Área estratéxica 4. Investigación e mellora do coñecemento para a intervención	18.000,00	18.000,00	18.000,00	54.000,00
Área estratéxica 5. Mellora da coordinación interinstitucional	15.000,00	15.000,00	15.000,00	45.000,00
Total	1.867.737,63	2.844.929,44	2.423.757,89	7.136.424,96

As medidas da área estratéxica 3 complementáanse con beneficios fiscais a favor das mulleres vítimas de violencia de xénero e que tamén beneficiarán ás mulleres vítimas de trata.

11. ANEXO 3: RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS

NORMATIVA INTERNACIONAL¹⁵

- Instrumento de Ratificación do Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional, feito en Nova York o 15 de novembro de 2000. (Protocolo de Palermo). BOE, núm. 296, do 11 de decembro de 2003.
- Instrumento de Ratificación do Protocolo Facultativo da Convención sobre os Dereitos do Neno, relativo á venda de nenos, a prostitución infantil e a utilización de nenos na pornografía, feito en Nova York o 25 de maio de 2000. BOE núm. 27, do 31 de xaneiro de 2002.

NORMATIVA EUROPEA

- Instrumento de ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011. BOE núm. 137, do 6 de xuño de 2014.
- Instrumento de Ratificación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, feito en Lanzarote o 25 de outubro de 2007. BOE núm. 274, do 12 de novembro de 2010.
- Instrumento de Ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos (Convenio nº 197 do Consello de Europa), feito en Varsovia o 16 de maio de 2005. BOE núm. 219, do 10 de setembro de 2009.
- Directiva 2011/93/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil e pola que se substitúe a Decisión marco 2004/68/ JAI do Consello. Diario Oficial da Unión Europea. 17.12.2011.

¹⁵ Inclúense neste apartado as referencias dos textos normativos consultados para a elaboración do presente plan. Non obstante, esta listaxe non constitúe unha relación exhaustiva de toda a normativa reguladora ou de abordaxe da trata de seres humanos que se cita no documento, relativa aos distintos ámbitos (internacional, europeo, estatal e autonómico).

- Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2011, sobre prevención e loita contra a trata de seres humanos e protección das súas vítimas, e que substitúe á Decisión marco 2002/629/ JAI do Consello. Diario Oficial da Unión Europea. 15.4.2011.

NORMATIVA ESTATAL

- Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro do Código Penal. (Última actualización a 13/4/2022).
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. BOE núm. 180, de 29/07/2015.
- Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei orgánica 2/2009. BOE núm. 103, de 30/04/2011.
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. BOE núm. 10, de 12/01/2000.
- Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro do Código Penal. Lexislación consolidada. (Última actualización a 13/4/2022).

NORMATIVA AUTONÓMICA

- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. DOG Núm. 32, do 17 de febreiro de 2016.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. DOG Núm. 152, do 7 de agosto de 2007.

PROTOCOLOS E OUTROS INSTRUMENTOS REGULADORES

Ámbito estatal

- Resolución do 13 de outubro de 2014, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo para a aprobación do Protocolo Marco sobre determinadas actuacións en

relación cos Menores Estranxeiros Non Acompañados. (Protocolo MENA). BOE núm. 251, de 16/10/2014.

- Protocolo Marco de Protección de Víctimas de Trata de Seres humanos. 2011.

Ámbito autonómico (Galicia)

- Protocolo de actuación institucional sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia e Xunta de Galicia, 2012.

Ámbito autonómico (outras CCAA)

- Protocolo de protección de las víctimas de tráfico de seres humanos en Cataluña. Barcelona, 2013.

PLANS E PROGRAMAS

Ámbito europeo

- Estratexia Europea sobre a loita contra a trata de seres humanos 2021-2025. Bruxelas, 14.4.2021 COM (2021) 171 final.
- Estratexia da UE para a erradicación da trata de seres humanos (2012 – 2016). Comisión Europea. Bruxelas, 19.6.2012 COM (2012) 286 final.

Ámbito estatal

- Plan de acción contra la explotación sexual de niñas, niños y adolescentes del sistema de protección a la infancia. 2022. Conferencia Sectorial Extraordinaria Conjunta de Igualdad, Infancia y Adolescencia.
- Plan Estratégico Nacional contra la trata y la explotación sexual de seres humanos, PENTRA, 2021 – 2023. CITCO. Ministerio del Interior. Gobierno de España.
- Pacto de Estado contra la violencia de género. Documento refundido de medidas del Pacto de Estado en materia de violencia de género. Congreso + Senado. 13 de mayo de 2019.

- Plan integral de lucha contra la trata de mujeres y niñas con fines de explotación sexual 2015-2018. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Gobierno de España.

Ámbito autonómico

- Plan autonómico para la lucha contra la trata de mujeres y niñas con fines de explotación sexual y el abordaje de la prostitución en las Islas Baleares (2019-2022). Institut Balear de la Dona. Consellería de Presidència. Govern Illes Balears.
- Estrategia Madrileña contra la trata de seres humanos con fines de explotación sexual. 2016-2021. Consejería de Políticas Sociales y Familia, Dirección General de la Mujer. Comunidad de Madrid.

Ámbito local

- Plan operativo contra la trata de mujeres y otros abusos de derechos humanos en contextos de prostitución (2018-2020). Área de Gobierno de Políticas de Género y Diversidad. Ayuntamiento de Madrid.
- II Plan de acción integral para luchar contra la trata, la prostitución y otras formas de explotación sexual del Ayuntamiento de Sevilla (2016-2020). Ayuntamiento de Sevilla.

OUTRA DOCUMENTACIÓN

- VIII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027. Xunta de Galicia.
- A trata de seres humanos con fins de explotación sexual. Guía básica para a cidadanía. Xunta de Galicia, 2021.
- *Radiografía de la trata en Andalucía y en Galicia*. Accem, 2021.
- European Parliament. A9-0011/2021 1/2/2021 Report on the implementation of Directive 2011/36/EU on preventing and combating trafficking in human beings and protecting its victims (2020/2029(INI)) Committee on Civil Liberties, Justice and Home Affairs. Committee on Women's Rights and Gender Equality.
- UNODC, "Global Report on Trafficking in Persons 2020" (United Nations publication, Sales No. E.20.IV.3).

- Anexo I-datos elaborados para o Informe Global 2020 das Nacións Unidas: “Global Report on Trafficking in Persons 2020”. <https://www.unodc.org/unodc/en/data-and-analysis/glotip.html>
- Estatísticas anuais da Fiscalía Xeral do Estado. Estatística de fiscalías provinciais. Memoria da Fiscalía Xeral do Estado de 2021. En <https://www.fiscal.es/web/fiscal/-/comunidad-autonoma-de-galicia>
- IV Informe de seguimiento del Plan Integral de lucha contra la trata de mujeres y niñas con fines de explotación sexual correspondiente al año 2018. Delegación del Gobierno para la violencia de Género. Diciembre de 2019.
- Balance estadístico 2016-2020 sobre la trata de seres humanos en España. CITCO, Secretaría de Estado de Seguridad. Ministerio del Interior.
- Balance estadístico 2014-2018 sobre la trata de seres humanos en España. CITCO, Secretaría de Estado de Seguridad. Ministerio del Interior.
- Segundo informe da Comisión Europea ao Parlamento Europeo e ao Consello sobre os progresos realizados na loita contra a trata de seres humanos (2018) conforme ao artigo 20 da Directiva 2011/36/UE relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas. Bruxelas, 3.12.2018. COM(2018) 777 final. Guía de Recursos Existentes para la Atención a Víctimas de Trata con Fines de Explotación Sexual. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, 2015.
- Seguimiento del informe presentado en septiembre de 2012: “La trata de seres humanos en España: víctimas invisibles”. Actualización a octubre de 2013. Defensor del Pueblo.
- “Estudo exploratorio da trata de persoas en Galicia”. Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia, 2013.
- “La trata de seres humanos en España: víctimas invisibles”. Defensor del Pueblo, 2012.
- Mapa de recursos para profesionais do ámbito xurídico. Traballando con persoas vítimas de trata e explotación sexual. Xunta de Galicia.
- Manual para la lucha contra la trata de personas. Programa Mundial contra la Trata de Personas. Oficina de las Naciones Unidas contra la Droga y el Delito. Viena, 2007.

NOTICIAS

- El Congreso aprueba tramitar la ley para abolir la prostitución del PSOE con el apoyo de Podemos y PP. (8 de junio de 2022). En: https://www.abc.es/sociedad/abci-congreso-aprueba-tramitar-ley-para-abolir-prostitucion-psoe-apoyo-podemos-y-pp-202206072123_noticia.html
- El Congreso aprueba debatir la ley del PSOE contra la prostitución sin el apoyo de los aliados del Gobierno. (7 de junio de 2022). En: <https://www.publico.es/politica/congreso-aprueba-debatir-ley-prostitucion-psoe-apoyo-aliados-gobierno.html#md=modulo-portada-fila-de-modulos:3x2-t1:mm=mobile-medium>
- Acabar con la trata de personas: los eurodiputados piden más acciones. (11 de febrero de 2021). *Noticias Parlamento Europeo*. En: <https://www.europarl.europa.eu/news/es/headlines/society/20210204STO97130/acabar-con-la-trata-de-personas-los-eurodiputados-piden-mas-acciones>
- Gil, A. (10 de febrero de 2021). La Eurocámara pide a los Gobiernos que sea delito penal el uso de los servicios prestados por las víctimas de la trata. *El Diario.es*. En: https://www.eldiario.es/sociedad/eurocamara-pide-gobiernos-sea-delito-penal-servicios-prestados-victimas-trata_1_7204365.html#documento
- Se triplica el número de niños y niñas entre las víctimas de trata de personas a nivel mundial. (2 de febrero de 2021). *Noticias ONU*. En: <https://news.un.org/es/story/2021/02/1487422>
- Montero, S. (24 de septiembre de 2020). La tercería locativa: ¿el primer paso para dismantlar la industria de la prostitución? *Cuarto Poder*. En: <https://www.cuartopoder.es/espana/2020/09/24/la-terceria-locativa-el-primer-paso-para-desmantelar-la-industria-de-la-prostitucion/>
- Gallego Vega, R. (17 de septiembre de 2020). Memoria 2020 de la Fiscalía General: urgencia de la reforma de la dispensa de la obligación de declarar y aumento de los delitos de abuso sexual cometidos por menores. *Observatorioviolencia.org*. En: <https://observatorioviolencia.org/memoria-2020-de-la-fiscalia-general-urgencia-de-la-reforma-de-la-dispensa-de-la->

[obligacion-de-declarar-y-aumento-de-los-delitos-de-abuso-sexual-cometidos-por-menores/](#)

- Tojo, M. (5 de abril de 2020). Carlos Villar: "Hay mujeres que ejercen la prostitución sin acceso a alimentos y aumentando su deuda". *El Diario.es*. En https://www.eldiario.es/galicia/politica/rede-galega-trata-prostitucion-aumentando_1_1213702.html
- Varela, P. (4 de marzo de 2020). "En las mafias, mover a las víctimas de sitio suele ser lo habitual". *La Voz de Galicia*.

En:

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/ourense/2020/03/04/mafias-mover-victimas-sitio-suele-habitual/0003_20200304C5992.htm

- Una mujer extranjera y menor de 25 años, perfil de la víctima de trata con fines de explotación sexual en Galicia. (22 de septiembre de 2019). *El Correo Gallego*. En <https://www.elcorreogallego.es/hemeroteca/mujer-extranjera-menor-25-anos-perfil-victima-trata-fines-explotacion-sexual-galicia-HQCG1204210>
- Sánchez-Covisa: "La Trata con fines de explotación sexual se reduciría al mínimo si el proxenetismo fuera objeto de tipificación penal ". (30 de julio de 2019). *Fiscal.es* En: <https://www.fiscal.es/-/sanchez-covisa-la-trata-con-fines-de-explotacion-sexual-se-reduciria-al-minimo-si-el-proxenetismo-fuera-objeto-de-tipificacion-penal->
- Informe sobre la trata con fines de explotación sexual y medidas de acción. (23 de noviembre de 2018). *Presidencia del Gobierno*.

En:

<https://www.lamoncloa.gob.es/consejodeministros/Paginas/enlaces/231118-enlacetrata.aspx>